

sarria

O Ribela Love Nature, o Ultreia et Suseia e o Esmorga Fest, as grandes citas do verán. **Páx. 2-3**

paradela

Xa hai gañadores do XXX Certame Literario Manuel Orestes de Paradela. **Páx. 16**

o páramo

Celébranse as XLVII tradicionais Feiras de Primavera do Páramo do 6 ao 8 de xuño. **Páx. 18**

samos

A ruta de Fiz Vergara Vilariño foi reinaugurada pola Asociación Ergueitas. **Páx. 19**

o incio

Confírmanse novos artistas e grupos para o Tremeterra Fest e o Terra Brava. **Páx. 20**

Todo preparado para disfrutar do San Xoán



Xornadas Xurídicas Román García Varela

Sarria foi o punto de encontro para profesionais, académicos e estudantes. **Páx. 11**


Premio para a Deputación de Lugo

Recibiu o Lois Peña Novo 2025 polo uso continuado e rigoso da lingua galega. **Páx. 15**

Novo libro en galego de Sonia Arias

A escritora de Vidual, Paradela, presentou o seu poemario, un canto ao pasado e a vida no rural. **Páx. 17**

Asociación Cultural Huhú




Alba López destaca o labor deste ano e medio en favor da arte. **Páx. 6-7**

José Tomé Roca



Entrevista ao presidente da Deputación e secretario xeral do PSOE. **Páx. 12-13**

Os Meigallos FS



Violeta Díaz pon en valor os éxitos acadados durante esta tempada. **Páx. 23**

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³ 1.7 m³ Y 2.1m³

CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsl.com

INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

www.corbarsl.com

SARRIA

Confirman os artistas do Ribela Love Nature



O Festival Ribela Love and Nature de Sarria, que celebrará a súa terceira edición os días 22 e 23 de agosto de 2025, xa ten os primeiros artistas confirmados. Os organizadores, da Asociación Cultural Ribela, ofrecerán unha experiencia única na que se mesturan natureza, música, gastronomía e sustentabilidade.

Architectural, Croatian Amor, Identified Patient, RONI, Aiken, Alba Franch, Jasss, Pangaea, Angélica Salvi, I Error, Javier LG e Jor Ginho son os grupos e artistas que forman o cartel, achegando diversidade estilística e unha proposta sonora que combina contundencia, exploración e sensibilidade en clave electrónica. Architectural é un DJ e produtor coñecido polo seu enfoque minimalista e hipnótico na música electrónica, mentres que Croatian Amor, alias de Loke Rahbek, é un artista danés que explora territorios entre o *dark ambient*, o industrial e o experimental. Identified Patient é un DJ e produtor neerlandés que se caracteriza por mesturar *techno* industrial con elementos de *bass* e electro e RONI

é un artista que fusiona diferentes estilos dentro da electrónica. Pola súa parte, Aiken é un DJ e produtor galego que se move entre o *techno* e o electro, cunha forte influencia do *acid* e do *electroclash*; e Alba Franch é unha artista galega que explora sonoridades experimentais dentro da electrónica.

Con respecto a Jasss, é unha artista española que se caracteriza por mesturar *techno* industrial con influencias do *noise* e o experimental. Finalmente, Pangaea é un DJ e produtor británico que se move entre o *techno*, o *dubstep* e o *bass*.

Pola súa parte, Angélica Salvi destaca pola súa voz potente e emotiva que conecta co público, mentres que I Error chama a atención cun estilo fresco e experimental que mestura diferentes xéneros musicais. Javier LG impresiona pola súa capacidade para fusionar ritmos urbanos con letras cargadas de contido, e Jor Ginho ten un son innovador que mestura influencias do trap e do rap, creando unha proposta única no panorama musical.

O IV Ultreia et Suseia terá lugar entre o 14 e o 20 de xullo

A cuarta edición do festival Ultreia et Suseia celebrarase en Sarria entre o 14 e o 20 de xullo. O evento, conformado integramente por artistas galegos, busca consolidarse como un dos mellores escaparates para que asociacións e artistas galegos mostren o seu talento en Sarria.

Organizado por Etiqueta Negra, co apoio do Concello de Sarria, a Oficina Municipal de Turismo de Sarria, a Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Deputación Provincial de Lugo, o festival volverá ser maioritariamente gratuito, cunha programación diversa e pensada para todos os públicos.

O cartel deste ano combina espectáculos de narración oral, danza, teatro, música e humor, con propostas que integran tradición e innovación; pois o obxectivo é ofrecer unha programación plural e atractiva para todo tipo de público, para involucrar a toda a vila de Sarria, independentemente da franxa de idade.

Unha das sinais de identidade de Ultreia et Suseia é a participación activa das asociacións culturais da comarca, que colaboran na creación de contidos únicos. Así, propostas xa características como as Camiñograsías, paseos escénicos pola historia e a alma de Sarria, contarán novamente coa implicación de colectivos locais como Meigas e Tragos, Peleríños ou Rebuldeira Teatro, aos que se suman este ano a asociación cultural lucense Axeigo e os *influencers* ga-



legos Pepe e Lucas, que volverán protagonizar esta actividade.

PROGRAMACIÓN. A programación arrancará o 14 de xullo con Contos sonoros, unha proposta que fusiona música en directo e narración oral, da man de Cándido Pazó e da Banda de Música de Sarria. Este formato repetirase o día 17 coa narradora Carmen Domech, acompañada pola Banda Comarcal de Sarria.

A danza terá un papel destacado con Danza no Camiño, un proxecto de danza na rúa vencellado ao Camiño de Santiago, que celebra este ano a súa cuarta edición en Galicia con paradas en Sarria, Portomarín e Santiago de Compostela.

O 15 de xullo haberá unha dobre cita: pola mañá, un obradoiro de baile tradicional infantil achegará a danza galega aos máis pequenos, mentres que pola noite celebrarase a primeira Camiñografía desta edición, coa participación de Axeigo e Pepe e Lucas.

A programación complétase cunha variada oferta que inclúe narración oral infantil con César No o 17 de xullo, a primeira edición das Olimpíadas Rurais o 18 de xullo, tamén orientada ao público infantil, ou o monólogo de Luis Zahera ese mesmo día.

O día 19 terá lugar unha intensa xornada musical coa representación de A Regueifa Ambulante, de Josiño da Teixeira, Lupe Blanco e Manolo Maseda, así como os concertos dos artistas Ryu e Saha, Carabela (gañadores do Premio NARF 2024) e a asociación Rúa da Música.

O festival concluirá o 20 de xullo coa segunda edición da Camiñografía, desta volta en formato diúrno, coa participación de Meigas e Tragos, Peleríños e Rebuldeira Teatro, e un encontro participativo que combinará un obradoiro de baile cunha foliada aberta coa asociación Sarricanta, para despedir o festival bailando ao ritmo da tradición galega.

PREFABRICADOS Y HIERROS

TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados

NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN

Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros

TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.:982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

Sarria prepárase para a celebración do San Xoán 2025

As esperadas Festas de San Xoán de Sarria celebraranse do 20 ao 24 de xuño con diferentes propostas para toda a veciñanza e persoas interesadas de desfrutar das festas patronais da vila sarriá. Ademais, por terceiro ano consecutivo, todos os días haberá dúas horas sen ruído, entre as 18.30 e as 20.30 horas, na zona de atraccións para facilitar que os nenos, nenas e maiores con hipersensibilidade acústica poidan desfrutar das festas.

Así, as celebracións darán comezo o venres 20 de xuño cun acto inaugural na Casa do Concello ás 20:00 horas no que o empresario sarriao Jesús Pato Mourellos se encargará de dar o pregón. No acto, estará acompañado por intérpretes de lingua de signos para garantir a accesibilidade do evento. Despois, o lanzamento do foguete sinalará o inicio oficial das celebracións, que continuarán na praza da Constitución coa actuación da Coral Polifónica do Concello de Sarria, a Banda de Música de Sarria, Os Clarisaxos, a Asociación Cultural Meigas e Trasgos e a Asociación Cultural Pelerínos. Xa ás 22:00 comezará a verbena no Campo de Rugby coas orquestras Miramar e Panorama City, mentres que no pavillón do Chanto darase inicio ao XXXV Torneo de Fútbol Sala San Xoán, que se prolongará os días 21 e 22.

Pola súa parte, o sábado 21 a xornada iniciará a actividade ás 18:00 na praza da Vila cun festival infantil, no que terá lugar a actuación de Trémola Teatro, pero tamén haberá globoflexia, música, bailes, taller de tinta máxica e de marcapáxinas. Logo, ás 19:30, o mago Roberto Lolo encherá as rúas de maxia coa súa 'Hora máxica', mentres que os Gai-teiros de Goián e a Louband serán parte dos pasarrúas da tarde. No



campo de rugby tamén se celebrará o Vibraxoán. E, con respecto ás actuacións da noite, comezarán ás 21.00 horas coa Louband, ás 22.00 horas con Sound Sisters, ás 23.30 horas chegará o grupo de indie Sidonie e, para rematar a noite, a Duendeneta DJ Set estará desde as 01.00 horas enchendo de música a vila de Sarria.

Xa o domingo 22 a festa continuará coa sesión vermú a cargo de Duendeneta no cruzamento da rúa da Liberdade con José Sánchez Aria, acompañada dos pasacalles de Pampónigas, Pelerínos e a Banda Comarcal. O peche da xornada correrá a cargo das orquestras Los Players e New York ás 21:30 no Campo de Rugby.

Con máis programación, o luns 23 pola tarde encherán as rúas a Charanga Paradela e a Asociación Cultural Meigas e Trasgos para dar pé á noite máis especial do ano, que comezará ás 21:30 cunha pancetada popular no Campo da Feira con chourizos e liscos. E, como cada ano, o grupo Eoas ofrecerá un concerto ás 23.00 horas, unha hora na que tamén se celebrará a tradicional 53ª queimada popular. Xa a media noite prenderase a Fogueira de San Xoán

no Campo da Feira, acompañada do espectáculo Correfoc-Dimonis de la Plana. A noite rematará coa verbena da orquestra Finisterre no Campo de Rugby a partir das 00:30 horas.

Con respecto ao martes 24, pola mañá a Banda de Música de Sarria protagonizará un pasarrúas seguido da recepción oficial de autoridades na Casa do Concello ás 11:30. O repenique de campás na Igrexa de Santa Mariña terá lugar ás 11.55 horas e ás 12:00 celebrárase a Misa Maior cantada pola Coral Polifónica do Concello de Sarria, seguida da procesión acompañada pola Banda Municipal de Sarria, seguindo o itinerario de sempre.

Xa pola tarde, a Louband e Batukda protagonizarán os pasarrúas, e pola noite a orquestra Capitol dará comezo á última verbena do San Xoán a partir das 21:30 horas no Campo de Rugby. Á media noite haberá unha espectacular sesión de fogos artificiais, que dará paso á continuación da verbena coas orquestras Capitol e Olympus.

O día 25 celebrárase o Día dos Nenos, no que as atraccións contarán con descontos especiais para os máis pequenos.

O Esmorga Fest xa ten data e primeiros artistas confirmados



O Esmorga Fest xa ten datas para a súa décima edición. Os organizadores veñen de anunciar que o festival volverá a Sarria os días 17 e 18 de outubro, mantendo como epicentro musical a Sala Litmar, que un ano máis acollerá as actuacións principais dun evento que se consolidou como unha das citas imprescindibles do calendario cultural da vila.

Entre os primeiros artistas confirmados destacan La Habitación Roja, Anabel Lee, Bum Motion Club, Oh Hiroshima e Mujeres, bandas que aportan unha mestura diversa de estilos musicais.

La Habitación Roja, unha das formacións máis consolidadas do panorama indie en España, traerá a súa música enérxica e chea de melancolía, con letras que conectan coa xente de todas as idades.

Anabel Lee, co seu estilo pop alternativo e intimista, achegará unha proposta máis delicada

e emotiva, que complementará perfectamente a intensidade doutros grupos.

Bum Motion Club porá a nota máis festiva e bailable ao evento, cun son que combina o funk, o soul e o groove, ideal para que o público goce e se contaxie da enerxía da festa.

Por outra banda, Oh Hiroshima ofrecerá unha experiencia máis atmosférica e profunda, co seu rock post-metal cargado de emocións e paisaxes sonoras envolventes.

Finalmente, Mujeres, que cada vez gañan máis recoñecemento no panorama alternativo estatal, achegarán o seu potente son, que mestura rock, noise e psicodelia, e que non deixa indiferente a ningún espectador. Este primeiro anuncio promete unha edición do Esmorga Fest rica e variada, que busca satisfacer a diferentes gustos musicais e converterse nun dos eventos máis esperados do verán na comarca de Sarria.

**PERMUY
GESTIÓN**

CORREDURÍA DE SEGUROS

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con
nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de junio!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en
productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86 27600 SARRIA (Lugo)

982 53 01 47
982 53 50 63
610 221 677

O IV Mercado Solidario Malicounda Teranga terá lugar o 7 de xuño



A ONG Hospitaleros sen Fronteiras celebrará o sábado 7 de xuño unha nova edición do seu mercado solidario de temática africana, ‘Malicounda Teranga’, que este ano cumpre o seu cuarto aniversario. O evento desenvolverase durante toda a xornada, entre as 12:00 e as 21:00 horas, na Praza da Vila, e ofrecerá unha ampla variedade de actividades culturais e lúdicas para todas as idades.

O mercado contará con postos de roupa, libros, complementos e xoguetes de segunda man, ademais de pezas de artesanía senegalesa traídas do último desprazamento solidario da ONG: tecidos típicos, bolsos, moedeiros, obxectos decorativos e cestería, entre outros.

A xornada arrincará cun pasarrúas ás 12:00 horas, que partirá do Malecón guiado por un dragón feito con globos de cores. Esta figura chamativa encabeza un desfile no que poderá participar quen queira e que irá ata a Praza da Vila.

Ás 13:00 comezará a sesión vermú amenizada pola Louband, que transformará a praza nun espazo de

baile ao ritmo da súa música festiva. A actividade musical combinarase cunha proposta gastronómica que inclúe a degustación do Yassa Poulet, un prato tradicional de Senegal elaborado con arroz e polo, e empanada senegalesa.

Ás 16:00 horas será a quenda para a artesanía participativa, cun obradoiro de cestería en vivo que se prolongará ata as 20:00 horas, mentres que ás 17:00 horas comezará un espectáculo de maxia e humor para público familiar a cargo do artista J. Carrón. A música tradicional chegará da man de Pelerifños, que actuará ás 18:00 horas, e como peche da festa, ás 19:00 horas, o DJ Min porá a banda sonora final.

Durante a xornada, Hospitaleros sen Fronteiras contará cun posto informativo onde presentará os seus proxectos actuais, a finalización dun centro multifuncional con aulas e enfermaría na zona de Malicounda, e a súa loita a prol dos nenos talibé, menores que sofren exclusión e vulneración de dereitos en Senegal. A ONG traballa nesta causa dende o ano 2015.

O 'Move os Marcos' celebrárase o 20 de xullo no Meigallo

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo organiza o Festival Move os Marcos, que se celebrará o vindeiro 20 de xullo no Meigallo. Este encontro, pensado para convocar público de toda Galicia, inspírase na lembranza do promotor cultural sarriao Marcos López, falecido o verán pasado e figura imprescindible da edición e do audiovisual galego nas dúas últimas décadas.

Move os Marcos, co fin de promover un espazo cultural no que estarán presentes a música, a literatura, a gastronomía e o activismo; incluírá actividades e espazos para a creación e a reflexión, cun recital poético musical, intervencións artísticas colectivas ou unha palestra sobre dereitos das persoas LGTB e dereitos lingüísticos nun contexto de auxe dos discursos de odio, así como unha axenda para a cativada, con contacontos, construción de xoguetes sonoros, obradoiros creativos e espazos de lecer libre. Ademais, acollerá os concertos de Mondra, que estreará o seu segundo álbum 'De Ronda', e o cuarteto De Vacas, así como haberá actuacións de Pelerifños e Meigas e Tragos. O recinto do festival tamén acollerá tamén unha zona gastronómica cunha selección de produtos da comarca.

PROGRAMACIÓN. O programa do evento presenta unha completa e diversa xornada de actividades culturais, musicais e artísticas pensadas para todos os públicos, coa intención de encher Sarria de creatividade, reflexión e celebración.

A xornada comezará ás 11.30 horas coa tradicional alborada a cargo da Asociación Cultural Pelerifños, que percorrerá o Bulevar, o Malecón e o Parque do Chanto, anunciando coa súa música o inicio da festa. Ás 12.00



horas terá lugar o pregón inaugural, seguido, ás 12.30 horas, do recital escénico “Canto en Parada”, unha proposta multidisciplinar con poesía de Luis Alonso e percusión de Rafa Mallo. Ás 12.45 horas, celebrarase a “Parolada diversa: Move os teus marcos”, unha mesa de diálogo con destacadas voces do ámbito cultural, educativo e activista como Carlos Callón, Daniela Fernández, Braulio Vilariño, Ana Ojea e Chené Gómez, moderados pola xornalista Eva Mejuto. A continuación, ás 14.30 horas, haberá unha sesión vermú acompañada dun xantar festivo coa música de A Duendeneta Dilleis. Xa pola tarde, ás 16.00 horas, está prevista unha visita guiada á exposición “Galegoza. A canción en galego”, seguida da actuación das pandereteiras da AC Pelerifños de Sarria ás 16.30 horas. A música continuará ás 17.00 horas coa actuación do grupo De Vacas e ás 18.00 horas con Mondra. Ás 19.00 horas, ambos artistas protagonizarán unha colaboración que servirá como peche musical da xornada principal do festival.

Tamén haberá unha ampla oferta de actividades para os máis pequenos. Ás 12.30 horas comezará a sesión de contos “O conto do Traxugas” con César No, e simultaneamente des-

envolverase un obradoiro de xogos sonoros, onde os nenos e nenas poderán crear asubíos de abelá, carrizos de noz e ruxerruxes da man de Xaneco Tubío. Ás 13.00 horas terá lugar un obradoiro para facer pulseiras coloridas. Pola tarde, entre as 16.30 e as 18.30 horas, repetirase o taller de xogos sonoros, mentres que tamén ás 16.30 horas se desenvolverá o obradoiro “Retrato en Collage Palestina”, unha actividade creativa en parellas para explorar a técnica do collage. Finalmente, ás 18.00 horas, celebrarase o obradoiro “Abano de cores”.

O evento contará tamén con outras propostas paralelas como a exposición fotográfica “As outras voces”, sobre o traballo da ONGD Creart na franxa de Gaza, e a intervención artística colectiva “Artivista: Enlázate a Gaza”, centrada na situación do pobo palestino. Ademais, durante o festival desenvolverase “Tecer sobre o valado: Galiza”, unha acción artística colectiva con elementos naturais e coloridos, e estará dispoñible o “Andel de cores”, un espazo de venda de libros a cargo da librería Galicia 1932. O público tamén poderá gozar da “Zona Gastro”, un espazo onde se ofrecerán produtos alimentarios seleccionados da comarca.



OSCAR

ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES





VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE 36€ /DÍA

TURISMOS



DESDE 30€ /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE 90€ /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

Aproban melloras en seguridade viaria e honra a Eugenio López

O Concello de Sarria celebrou o seu pleno ordinario, unha sesión marcada polo consenso entre os grupos e a aprobación de importantes medidas para mellorar a calidade de vida na vila. Entre elas, destacan dúas propostas do Partido Popular que foron aprobadas por unanimidade: a elaboración dunha estratexia integral de seguridade viaria e a mellora do estado dos pavimentos e beirarrúas, unha cuestión que consideran fundamental e que debe ser unha prioridade compartida por toda a Corporación municipal.

A primeira das mocións propoñía a elaboración dunha Estratexia Municipal de Seguridade Viaria que permita identificar os puntos negros, reforzar a sinalización, mellorar a visibilidade dos pasos de peóns e aplicar medidas específicas e eficaces. A iniciativa inclúe tamén a participación de colectivos sociais, forzas de seguridade e cidadanía en xeral coa intención de construír un documento útil, participado e realista.

A segunda moción solicitaba actuacións preventivas e de mantemento nas beirarrúas e calzadas, prestando especial atención a zonas con pavimento afundido, bordos deteriorados, baldosas soltas ou elementos rotos, co obxectivo de reducir riscos e facilitar a mobilidade de toda a cidadanía, especialmente das persoas máis vulnerables. "As rúas de Sarria non poden seguir ofrecendo esta imaxe de abandono e degradación nin poñendo en risco á cidadanía. Presentamos propostas construtivas, urxentes e perfectamente asumibles para garantir o dereito a desprazarse con seguridade", segundo comparten os populares.



Desde o Partido Popular lembran que xa se aprobaron en pleno anteriores propostas para mellorar a accesibilidade e o mantemento das rúas, e reiteran a súa disposición a colaborar activamente para que eses acordos se traduzan en accións concretas e visibles.

"Con estas dúas mocións queremos poñer enriba da mesa propostas construtivas que melloren a calidade de vida en Sarria e respondan a unha demanda social evidente. A seguridade non pode esperar, e cremos que é posible avanzar se existe vontade política e compromiso con solucións realistas", destacaban.

Así, durante o pleno, a voceira popular, Carmen José López, explicou que "hai bastante preocupación polos atropelos que se producen na vila", motivo polo que solicitaron medidas como a mellora da visibilidade nos pasos de peóns, reforzar a sinalización vertical, identificar os puntos negros e lanzar campañas de concienciación.

Pola súa parte, tanto Efrén Castro, voceiro do BNG, como José Manuel López Torre, do PSOE, apoiaron a proposta, mais advertiron da necesidade de contar con fi-

nanciamento da Xunta de Galicia. Carmen José López, pola súa banda, instou tamén a unha maior implicación da Deputación de Lugo. Outro dos puntos destacados da sesión foi o nomeamento a título póstumo de Eugenio López Quiroga, coñecido como Cheno, como Fillo Predilecto de Sarria. O empresario foi recoñecido polas súas xestións para a implantación da empresa Inelcom hai dúas décadas, un feito que marcou o desenvolvemento económico da vila. Tamén se aprobou unha modificación de crédito de 9.500 euros para completar a partida destinada á recollida de lixo, incluído o contedor orgánico, ata final de ano. Aínda que foi aprobada con votos de PSOE e BNG e a abstención do PP, todos os grupos coincidiron en que a solución definitiva pasa pola licitación dun novo servizo.

O pleno aprobou, ademais, cambios na RPT e no cadro de persoal do Concello. Por último, a petición de Amnistía Internacional, a corporación apoiou por unanimidade unha moción de condena contra os ataques de Israel a Palestina.

Remata o conflito laboral no servizo de limpeza



O persoal do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria do municipio de Sarria puxo fin ao conflito laboral que mantiña coa empresa concesionaria Prezera. Acordaron melloras nas condicións laborais que inclúen unha nova paga extraordinaria e a garantía de descanso un fin de semana cada quince días.

O entendemento chegou tras va-

rias xornadas de negociación e foi sometido a votación polos propios empregados, que aprobaron por unanimidade os termos do acordo. En total, son doce os traballadores que se verán beneficiados polas novas condicións pactadas, despois de semanas de tensións motivadas pola falta de descanso suficiente e pola demanda dun salario máis xusto.

Xa hai datas para a celebración do XII Master Sarria Fútbolín 2025

Xa hai data para unha das citas máis agardadas polos afeccionados ao fútbolín: o Master Sarria Fútbolín celebrará a súa décimo terceira edición os vindeiros 31 de outubro, 1 e 2 de novembro, consolidándose como un dos torneos de referencia a nivel galego e estatal.

A competición contará un ano máis co apoio institucional da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria, o que reforza o seu peso tanto no

eido deportivo como no social. Como é tradición, o torneo contará coas modalidades habituais: movemento, parado, feminino, ciego e local, garantindo así un amplo abano de participación para xogadores e xogadoras de diferentes niveis e perfís.

A Asociación Sarria Fútbolín, promotora do evento, aspira nesta edición a seguir ampliando a repercusión do campionato e a atraer participantes de toda a xeografía peninsular.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familar de Jamón a Basón
8€

Servicio a domicilio

Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria

982 012 026

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO
XV CONCURSO DE TAPAS
TAPICHEO'22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com

Tfno.: 982 886 580

cafebarcubano

“Queremos impulsar a arte contemporánea desde o interior”

Alba López, parte da directiva da Asociación Cultural Huhú de Sarria, pon en valor este ano e medio de traballo en favor da arte na comarca

Jessica Fernández
Como xorde a iniciativa de crear esta asociación?

Xorde como unha iniciativa no 2023 presentada por Toño, Lois e Rubén, os impulsores, que se realizou no Garaxe. Así, lanzamos a primeira aposta, que foi presentar un proxecto de Trienal, que ten moita proxección. Nese sentido, creouse a asociación co ánimo de impulsar a Trienal. En xuño do ano pasado conseguimos xa as instalacións e fixemos a presentación de A Sede. Realmente, somos das poucas asociacións culturais en Sarria que teñen un local propio, o que tamén nos permite ser independentes e programar o que queiramos. Facemos a nosa programación con liberdade. Outra cousa é que tamén colaborem con outras institucións ou asociacións. Cedemos eses espazos, ou ás veces tamén saímos fóra co programa ‘Fóra Sede’. Pero parte do noso proxecto ten a identidade ancorada no propio espazo.

Quen son os iniciadores desta iniciativa?

Na directiva hai perfís moi variados. Toño de López é o presidente, ten a súa obra creativa, é fotógrafo, ten obra independente e, ademais, é promotor e impulsor do proxecto Xarope, que acaba de cumprir 30 anos. Lois ten unha editorial independente chamada Lauda Negra, centrada sobre todo en fotolibros. Rubén é artista contemporáneo. María Covadonga é profesora de Belas Artes en Pontevedra e ten conexión con Sarria. Temos tamén a

Menchu, cunha longa traxectoria no impulso de proxectos sociais de cooperación. Ela achega outra perspectiva. Eu, por exemplo, son avogada, traballo nun despacho de propiedade industrial e intelectual. Logo temos a Marcos Bello, que ten un grupo de música e traballa nunha empresa de augas. Temos outra colaboradora que traballa en temas de economía social e impulsa a financiación mediante micromecenado. Esa é un pouco a nosa fortaleza: nutrímonos uns dos outros.

Cales son as súas actividades que vertebran o colectivo?

Organizamos actividades como obradoiros interxeracionais, pre-

todo os interxeracionais, porque vemos dinámicas moi potentes. Outras ofertas culturais adoitan estar moi segmentadas por idades, e nós vimos dinámicas preciosas nos obradoiros interxeracionais que fixemos ata agora. O fanzine Macheta, por exemplo, supuxo impulsar un proxecto dos anos 90 e nel participan todas as persoas interesadas, que poden enviar as súas páxinas e vir tamén maquetalas. Despois hai unhas xornadas de montaxe do fanzine colaborativa na que editamos e distribuimos a cambio da vontade, e quen participa ten dereito a un exemplar. Ten moito éxito. Hai xente que nos pide facer un



sentacións de libros e de fanzines que teñen que ver coa cultura alternativa e co patrimonio, como estudar a historia da máscara. Gústannos os obradoiros, sobre

Macheta Legacy para recuperar os números dos anos 90, e é unha petición popular que estamos valorando. Coa vontade compénsase o investido nesa actividade.



Pero falaba antes de que Huhú nace arredor da proposta Trienal.

Si, a Trienal é un trienio, un parau-gas temático que abrangue tres anos e cinco bloques expositivos, cada un cun enfoque dentro dese tema común. O que se inaugurou en outubro e durou ata xaneiro foi o primeiro bloque. O 7 de xuño

ata xaneiro. E dous bloques máis o ano que vén. Cada bloque expositivo está comisariado por un programador que selecciona os artistas segundo o seu enfoque e interpretación da temática común. Na primeira parte, a curadoría foi feita desde Huhú cunha selección diversa que incluía unha mensaxe de reflexión sobre o traballo, o anticolonialismo e os movementos sociais. Había unha reflexión sobre como se apoia unha queixa na arte espontánea das manifestacións. Santi López fixo unha foto brutal que sería digna de National Geographic. É dicir, en Lánchara pode ocorrer unha obra de arte contemporánea importante. Agora, no segundo bloque, o comisario é José Luis Toboso, que traballa sobre todo en Portugal, e vén con catro artistas. E, entre o segundo bloque e o terceiro queremos facer unha exposición de artistas sarriaos, polo que estamos traballando nesa idea de localizar artistas do noso entorno, integralos achegando talento local e construíndo un relato conxunto con artistas recoñecidos doutros países. Entre medias, colaboraremos con outras institucións, faremos visitas guiadas e actividades paralelas de reflexión.

ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámoche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha **comparativa de aforro** personalizada:

XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Con máis de 120 anos de historia.

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185

Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

É dicir, tamén están abertos a colaborar con outras entidades.

Si, estamos abertos a colaborar con todas as asociacións, como a Asociación Crearte, a Rúa da Música, O Buril... Con estes, concretamente, temos sinerxías, pero estamos abertos a colaborar con calquera asociación da comarca de Sarria. Non somos illas asociativas, podemos facer actos conxuntos e estamos abertos a iso. Temos en previsión facer actividades fóra da Sede, como lanzar algunha parte expositiva en Paradela ou en Samos, colaborando tamén con eses concellos da comarca de Sarria, ou facendo algunha actividade con escolas de Paradela. Queremos evitar o centralismo cultural en Sarria. Somos conscientes de que sería unha incoherencia e non queremos incorrer niso. Tamén temos en mente colaborar con Nacho, o da Asociación Que facemos? e estamos falando tamén coas persoas que organizan o Festival A Ribela. Hai xente en Sarria facendo cousas moi interesantes. De feito, cremos que realmente somos unha comarca moi activa. Nós queremos colaborar con quen sexa porque estamos na mesma onda.

Desde a Asociación Huhú hai ganas de facer moitas cousas, non?

Cando fas unha iniciativa, hai que ter optimismo sobre a súa continuidade no tempo. Cando rematemos a TST1, faremos unha TST2. Ademais, xa estamos mirando para organizar o curso que vén unha actividade cun grupo da Universidade de Belas Artes de Pontevedra que organiza exposicións. Queremos colaborar con eles para que poidan ter o seu primeiro proxecto serio no noso espazo co apoio de profesionais de gran nivel. Tamén estamos explorando colaboracións coa Escola Ramón Falcón de Lugo e con estudantes para facer unha exposición conxunta. Gustaríanos integrar xente nova que necesita un espazo e ilusión, e que poden encaixar neste proxecto. A xente que estivo aquí gustoulles o noso proxecto porque lles damos liberdade para expoñer o que queren, polo que nese camiño seguiremos.

Con todo o que está comentando, poderíase concluír que o máis importante é promover a arte desde o ámbito local, non?

Temos ese discurso de facer un eixo atlántico cultural interior. Porque parece que só se pode facer arte contemporánea se falas de Lisboa, Porto, Vigo ou A Co-



ruña. Aquí tamén temos creadores de arte contemporánea que están a expoñer noutras salas. ¿Por que non podemos impulsar un proxecto propio de arte contemporánea desde o interior de Galicia? Ademais, proxéctase tamén cara a Portugal. Temos unha problemática rural, ambiental e artística común. Ese momento ponte parécenos interesante. A reflexión sobre o territorio e onde estamos; a arte non é outra cousa que unha clave para interpretar ese territorio. Tamén temos un punto de evanxelización, de sensibilización. ¿Por que unha persoa de Samos ten que ir á Coruña para ver arte contemporánea? Ten dereito a dicir que non lle gusta a arte contemporánea, pero porque a viu. Entón tamén se trata un pouco de sensibilizar, de exhibir, para ben ou para mal, desde aquí.

Contan con axudas para desenvolver o seu labor?

Fixemos un esforzo importante, xa que partimos de cero coa asociación e, en pouco máis dun ano, xa temos unha Sede que vai mellorando. Ademais, cada vez vén máis xente ás actividades e temos 200 persoas asociadas. A nosa visión é horizontal: pode ser socio quen queira por un euro anual. A xente que quere achegar

máis ten a opción de facer doazóns, pero tamén lles gusta ser recoñecidos como socios. Por iso, creamos a figura de socio base por un euro ao ano, con acceso a todas as actividades e podendo traer amizades para dar visibilidade. Temos tamén a figura de socio protector (50 euros anuais),

“Hai xente en Sarria facendo cousas moi interesantes. De feito, cremos que realmente somos unha comarca moi activa”

que inclúe cursos gratuítos ou bonificacións en obradoiros, xa que ata agora, todos os talleres foron abertos e gratuítos. E logo están os socios sobreprotectores, que pagan 100 euros ao ano. Moitos queren ser sobreprotectores porque lles fai graza. Esta é a primeira parte da financiación: os nosos socios. Macheta tamén funciona coa vontade, pero iso non chega. Nós pagamos a todas as persoas colaboradoras e artistas porque

valoramos o seu traballo. Aspiramos a introducir boas prácticas á hora de contratar artistas e tratar con eles e traballamos por poñer en valor ese traballo, documentando as condicións para que se sintan seguros e recoñecer que é un traballo serio. Contribuímos, na nosa escala, a establecer boas prácticas, contratos de calidade e formalización, porque tomamos a arte en serio. Por iso, organizar un bloque temático require recursos. Eses recursos veñen tamén grazas ás achegar de particulares que contribúen sen querer ser socios e das institucións. O Concello de Sarria axudounos co primeiro bloque cando precisabamos material e este ano tamén contamos coa súa colaboración. Ademais, estamos en conversas coa Deputación de Lugo porque o noso proxecto vertebra unha concepción provincial da arte contemporánea, xa que hai produción e masa crítica. En Sarria, co que estamos facendo na Sede, non temos nada que envexar a unha exposición que poidas ver en Madrid. Polo que, a nivel institucional, é interesante que nos acompañen nese camiño e que nos axudemos mutuamente cunha visión común de provincia e do que podemos facer desde aquí.










MAESTROS DE LA PARRILLA

Bienvenidos A Reboleira
donde cada corte es un espectáculo,
cada aroma irresistible y
cada bocado inolvidable.

¡A disfrutar!



San Martín de Río Lancara - A Reboleira 27692. Tlf: 641 027 705

[a.reboleira.restaurante](https://www.instagram.com/a.reboleira.restaurante)

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

A Trienal abre un novo ciclo de arte en Sarria



O espazo A Sede – Núcleo Difusor de Arte Contemporánea acollerá a partir do 7 de xuño a exposición 'Vin cousas que vós non creríades', a mostra central do segundo bloque da Trienal Sarria Triennial 2024–2026 da Asociación Huhú. A apertura terá lugar ás 20:00 horas cun acto que incluírá música en directo, como a actuación do grupo de surf rock de Sarria Flying Boogaloes, a presenza dos artistas participantes e algunha sorpresa máis. A exposición, comisariada por Juan Luis Toboso, reúne obras dos artistas Lois Cid, Loreto Martínez Troncoso, María Paz Aires e Rubén Santiago, e poderá visitarse ata o 14 de setembro. O título da mostra, inspirado na célebre frase do filme Blade Runner, serve de porta de entrada a un conxunto de obras que transitan entre o perceptible e o imaxinado, o concreto e o vaporoso. Segundo o seu comisario, a proposta indaga nos límites do que se manifesta e o que permanece oculto: “Hai movementos mínimos, xestos case imperceptibles que activan friccións e estados de presenza; lugares onde se respira a terra e a memoria”. A mostra artículase arredor de cuestións como a materia, o corpo, o tempo e a paisaxe. Loreto Martínez Troncoso ofrece unha peza

sonora onde o ritmo da respiración humana marca o pulso do espazo. María Paz Aires expón esculturas que mesturan lucidez e delirio, inspiradas nas formas orgánicas do ecosistema. Lois Cid experimenta co concepto expandido da fotografía, introducindo o azar e a interacción coas forzas naturais. E Rubén Santiago propón unha instalación na que a vida e a morte dunha raíz emerxen como metáfora dun diálogo entre ruína e renacemento. O comisario Juan Luis Toboso é un referente da curadoría crítica e transversal no ámbito ibérico. Cunha traxectoria que combina investigación, docencia e programación en centros como o IVAM, o CCCC de Valencia, Culturgest do Porto ou a Fundación Gulbenkian, Toboso aposta por proxectos que interrogan as estruturas de valor e visibilidade na arte contemporánea. Os catro artistas participantes chegan a Sarria con traxectorias recoñecidas e propostas que conectan con problemáticas tanxibles e sensoriais. A exposición propón ao público “un exercicio de escoita e atención, onde non se trata só de mirar, senón de deixar que o invisible nos atravesase”, sinalan. A iniciativa conta co apoio da Deputación de Lugo e o Concello de Sarria.

A contorna do Bolo de Betote vén de ser mellorada pola Xunta

A Xunta de Galicia vén de rematar unha intervención destinada a recuperar e dar visibilidade ao Bolo de Betote, un destacado xacemento arqueolóxico situado en Sarria, nas proximidades da estrada autonómica LU-546. A actuación, desenvolvida pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), tivo como obxectivo facilitar o acceso ao lugar e fomentar o coñecemento deste enclave milenario. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, desprazouse ata a zona para supervisar os traballos acometidos. Segundo explicou, realizáronse tarefas de roza e limpeza para eliminar a vexetación que ocultaba o xacemento, ademais de acondicionar o camiño que leva ata o Bolo. Como parte da mellora da sinalización, colocáronse catro indicadores na estrada LU-546, visibles dende ambos sentidos da vía. Son sinais de cor maxenta, habitualmente utilizadas para marcar puntos de interese patrimonial, co fin



de facilitar a localización do lugar por parte de visitantes e viaxeiros. Ademais, instalouse un panel explicativo no propio xacemento, deseñado polo arqueólogo Juan Antonio Cano, no que se ofrece información detallada sobre a orixe e o significado do Bolo de Betote. Nel indícase que o xacemento foi descuberto no ano 2006, durante as obras do corredor Nadela-Sarria, e que se trata dos restos dun antigo santuario que podería ter entre 4.000 e 5.000 anos de antigüidade.

Este santuario, segundo se explica no panel, foi levantado arredor dun gran bolo natural no que se gravaron pequenas cazoletas na súa parte superior, probablemente con fins rituais. A estrutura estaba rodeada por un círculo de pedras, o que reforza a súa interpretación como espazo de culto prehistórico. Dada a relevancia do achado e para garantir a súa conservación, o Bolo foi trasladado fóra da zona afectada polas obras naquel momento.

Sarria comeza a conta atrás para o XX Festival Internacional de Maxia

O XX Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria arrinca motores para celebrar o seu vixésimo aniversario cunha edición que promete ser inesquecible, da man do seu promotor, o mago Roberto Lolo. Este 2025, a vila prepárase para unha semana enteira de ilusión e espectáculos, do 18 ao 24 de agosto, estendendo por primeira vez a duración do festival a sete días completos,

unha excepción feita especialmente para conmemorar dúas décadas de maxia e sorrisos compartidos. Desde o seu nacemento, o festival converteuse nun dos eventos máis queridos e esperados do verán sarriao, atraendo artistas de todo o mundo e ofrecendo ao público experiencias inesquecibles. Este ano non será a excepción. Xa se coñecen os nomes dos pri-

meiros artistas confirmados. Pola súa parte, o recoñecido hipnotista Toni Pons, unha das grandes figuras da escena internacional, regresará a Sarria tras varios anos de ausencia. Tamén estará Pedro Aragónés, un dos grandes referentes da maxia a nivel estatal, con máis de 30 anos de carreira profesional. Será a primeira vez que o ilusionista pise Sarria.

SARRIA, unha comarca con sabor



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos
caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




**RESTAURANTE
A CARBALLEIRA
DE REBOLEIRA**
LEÑA Y CARBÓN

**MAESTROS
DE LA
PARRILLA**

Instagram: a.reboleira.restaurant
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Aira Padron






982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

**A Pulperia
de Luis**



RIO LOYO
Restaurante

**Mesón
Castro**



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: Catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



Volve a Festa do Motor 4x4 da Comarca o 14

Sarria acollerá o sábado 14 de xuño a segunda edición da Festa do Motor 4x4 da Comarca, unha xornada dedicada ao espectáculo e á paixón polo motor que congregará afeccionados e participantes de toda a contorna. A cita, organizada polo Concello de Sarria en colaboración co colectivo Os Carro X Catro, desenvolverase ao longo do día con múltiples actividades e exhibicións dirixidas a todos os públicos. O programa dará comezo ás 08.00 horas coa recollida da documentación no Polígono O Morelle, punto neuráxico do evento. A partir das 09.00, iniciaranse as voltas libres de motos, seguidas das *quads* ás 10.00 e das prácticas de trial con obstáculos ás 11.00. Ás 12.00 será a quen-

da dos buggies e unha hora máis tarde, ás 13.00, arrancarán os todoterreos. Logo dunha pausa para o xantar, previsto para as 15.00 horas, comezarán as fases eliminatorias das probas, que se desenvolverán de forma consecutiva. A partir das 19.00 celebraranse as seccións 1 e 2 do circuito de trial, pechando a xornada cunha exhibición final e unha cea con entrega de premios no restaurante do cámping. Desde a organización lembran que os vehículos admitidos son todoterreos, *quads*, buggies e motos, sempre que contén coa documentación regulamentaria. As inscricións deben formalizarse mediante un formulario dispoñible nas redes sociais oficiais do evento.

Celébrase o Festival Bos Tempos, unha viaxe ao pasado musical

O espírito das noites dos anos 80, 90 e 2000 volverá a Sarria o vindeiro 14 de xuño coa segunda edición do Festival Bos Tempos, unha cita pensada para a lembranza, o baile e o encontro social arredor da música que marcou xeracións. A partir das 17.00 horas, a Sociedade A Unión acollerá ritmos nostáxicos con propostas actuais, nun evento organizado por Chechu Quiñoá, Jorge Quiñoá, Dj Beto e Andrés Dono. O festival contará con postos de DJ, unha exposición fotográfica e unha viaxe visual pola historia da noite, así como *food-trucks* para acompañar a festa cunha oferta gastronómica informal. A actividade, de carácter gratuito e aberta a toda a cidadanía, conta co apoio do Concello de Sarria e busca

ser un punto de encontro interxeracional arredor da música como elemento de unión e disfrute colectivo. O impulso deste festival chega da man de Chechu Quiñoá, que tamén está detrás do Festival Vilariño, unha iniciativa que naceu hai cinco anos coa intención de ofrecer espazo a mozos e mozas que comezaban a experimentar no mundo da música. Aquela primeira edición, pensada como unha reunión privada entre amigos, chegou a reunir arredor de 70 persoas. Agora, o Vilariño prepara a súa derradeira edición este verán, prevista para agosto, cun cartel no que se darán cita artistas emerxentes de estilos tan diversos como o folk ou o bacallau, dando voz ás novas xeracións musicais.

Chega á biblioteca a Maleta Viaxeira contra a Violencia de Xénero

O Concello de Sarria súmase á rede de municipios que acollen a Maleta Viaxeira contra a Violencia de Xénero (MAVI), unha iniciativa promovida pola Subdelegación do Goberno en Lugo coa finalidade de fomentar a igualdade a través da lectura. A chegada deste proxecto á vila sarriá supón un novo paso no compromiso activo do goberno local, especialmente da concellería de igualdade, por combater a violencia machista desde a educación e a cultura. A MAVI estará dispoñible durante os vindeiros cinco meses na biblioteca municipal Camilo Gonsar grazas á colaboración entre as áreas de igualdade e cultura. Trátase dunha ferramenta que busca chegar á veciñanza, de todas as idades, unha selección de obras literarias centradas na igualdade de xénero, o feminismo e o empoderamento das mulleres. Desde contos infantís ata ensaios contemporáneos, os libros que integran esta maleta teñen como obxectivo espertar a



conciencia crítica e combater os estereotipos e roles sexistas. Dende o goberno local salientan que a loita pola igualdade “non pode reducirse a campañas puntuais ou a datas conmemorativas, senón que debe formar parte da acción diaria das administracións”. Por iso, a concellería de igualdade pon tamén este recurso a disposición de todos os centros educativos do municipio, co fin de que poi-

dan integralo nas súas actividades e programas didácticos. “A educación é unha peza clave para erradicar a violencia de xénero e acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria”, subliñan desde o concello. A intención é que a maleta viaxeira chegue ao maior número de persoas posibles, desde o público infantil e xuvenil ata os adultos, promovendo así un cambio real e duradeiro.

O IES Xograr Afonso Gómez organiza unha saída en bicicleta o 14 de xuño

O IES Xograr Afonso Gómez de Sarria organiza unha saída en bici para todos os membros da comunidade educativa o vindeiro 14 de xuño e coa colaboración do DHG Team de Sarria. Desta maneira, o sábado 14 de xuño comezará o percorrido ás 11.00 horas no instituto e as persoas participantes irán cara á praia fluvial da Pobra de San

Xiao, onde rematará a actividade cun xantar conxunto. Esta actividade busca promover o tempo de ocio activo entre os membros da comunidade educativa. O prazo de inscrición estará aberto ata o día 11 de xuño ou ata que se esgoten as cincuenta prazas que existen para os participantes. A forma de anotarse será por medio do

profesorado de Educación Física e a Vicedirección do Centro. Ademais, lembran que cada menor de idade terá que estar acompañado por un adulto e o uso de casco será obrigatorio. O centro ten un sistema de préstamo de bicis e cascos de balde para quen poda precisar material e haberá remolque para bicis e un coche de apoio.



AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.



C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com



San Xoán

20-24 de Xuño ~ Sarria ~

Felipe Lemos e compañeiros, con colaboración do Concello de Sarria

Sarria acolleu as XVIII Xornadas Xurídicas 'Román García Varela'

A vila de Sarria converteuse durante os días 4, 5 e 6 de xuño nun punto de encontro destacado para o pensamento e a análise xurídica coa celebración das XVIII Xornadas Xurídicas 'Román García Varela', que este ano centrou a súa atención nos retos da reforma da Xustiza nunha sociedade en transformación como a do século XXI.

O encontro, promovido polo Concello de Sarria e integrado no programa de Formación Continua do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), reuniu unha trintena de xuíces e xuízas procedentes de diferentes comunidades autónomas. A inauguración correu a cargo do expresidente do Tribunal Supremo, Francisco Marín Castán, mentres que o acto de clausura foi presidido por Cándido Conde Pumpido, actual presidente do Tribunal Constitucional.

Durante tres intensas xornadas, as persoas participantes afondaron en cuestións clave para o futuro do sistema xudicial, como a separación



de poderes, a lexitimidade democrática da xustiza, a independencia xudicial ou os desafíos estruturais e organizativos dunha reforma pendente. Outros temas de análise foron as novas competencias dos xulgados de violencia sobre a muller, o papel dos Medios Adecuados de Solución de Controversias (MASC) e os riscos inherentes ao uso das novas tecnoloxías no ámbito xurídico. A dirección das xornadas recaeu un ano máis en dúas figuras de recoñecido prestixio: o letrado da Administración de Xustiza Román

García-Varela Iglesias e o catedrático de Dereito Mercantil Carlos Lema Devesa. Entre os relatores destacaron nomes como un expresidente do CXPX, maxistrados e maxistradas do Tribunal Supremo, antigos responsables do Tribunal Constitucional, o presidente da Sala Anticorrupción da Corte Superior de Xustiza de Lima, a coordinadora do proxecto de implantación dos Tribunais de Instancia, a exdirectora da Axencia Española de Protección de Datos e o presidente do Consello Consultivo.

Louseiro celebra a Festa de San Antón con tres días de música e tradición

A parroquia de Louseiro, no Concello de Sarria, prepárase para vivir un ano máis a súa tradicional Festa de San Antón, que terá lugar os días 7, 8 e 9 de xuño de 2025.

Unha cita xa consolidada no calendario festivo da comarca e que combina actos relixiosos, gastronomía popular e actuacións musicais para todos os públicos.

As celebracións comezarán o sábado 7 de xuño, cunha pancetada e queimada amenizada polo dúo Trazos, que marcarán o inicio dunha fin de semana de festa.

O domingo 8, día grande das festas, a xornada arrincará ás 13:30 horas coa misa maior, seguida de procesión e sesión vermú coa Banda de Música Comarca de Sarria. Pola tarde, ás 19:00 horas,

habrá unha actuación infantil, e a partir das 22:30 horas terá lugar a gran verbena a cargo da orquestra Marbella.

O luns 9 de xuño, repetirase o esquema coas celebracións relixiosas ás 13:30 horas, seguida de sesión vermú co grupo Louband, que tamén será o encargado de pechar as festas coa verbena das 22:00 horas.

A vila contará cunha nova oficina de emprego para mellorar a atención



A Xunta de Galicia está a dar os pasos necesarios para poñer en marcha a nova oficina de emprego de Sarria, que se situará nun baixo da Rúa Formigueiros. O inmovible, adquirido pola administración autonómica por un importe de 210.000 euros, conta cunha superficie de 375 metros cadrados e albergará unhas instalacións que se pretenden converter nun punto clave para a atención ás persoas demandantes de emprego da comarca.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración estima que o orzamento necesario para acondicionar o local ascende a arredor de 650.000 euros. Este departamento informou que prevé licitar a redacción do proxecto de acondicionamento das instalacións no segundo semestre deste mesmo ano. Unha vez rematado ese documento técnico, sacaranse a concurso os traballos de execución das obras. As novas instalacións permitirán mellorar notablemente

as condicións tanto para as persoas usuarias como para o persoal que presta servizo, segundo sinalou a Xunta, que aspira a facer deste espazo un referente no ámbito laboral da comarca.

A nova oficina substituirá a actual, situada no número 60 da Rúa Nova, e continuará a ofrecer servizo aos concellos de Sarria, O Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos e Triacastela.

A directora territorial de Emprego en Lugo, Carmen José López, valorou positivamente este avance e subliñou a importancia da nova sede para modernizar a atención ás persoas desempregadas da zona. A oficina será compartida co Servizo Público de Emprego Estatal (Sepe) e contará, segundo avanzou a Consellería, con reforzos no persoal técnico para mellorar os servizos de orientación, fomentar a captación de ofertas laborais e favorecer a conexión co tecido empresarial local.



Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

- Pruébelos SIN COMPROMISO
- Revisiones GRATUITAS
- FINANCIACIÓN hasta 18 meses sin intereses



AUDÍFONOS RECARGABLES
¡Y olvídense de las pilas!




***SUPER GARANTÍA HASTA 5 AÑOS PARA PÉRDIDA O ROTURA**

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976 | audiosarria@gmail.com




ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS
DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

“O PSOE é a columna vertebral da acción política na provincia”

José Tomé Roca, presidente da Deputación, que vén de ser reelixido secretario xeral do partido cunha ampla maioría fala dos retos de futuro

Acaba de ser renovado na presidencia do partido. Cales son os seus principais obxectivos?

Sempre que hai un congreso renóvase e, polo tanto, é como un mandato novo. Teño por diante outros catro anos. Presenteime a estas primarias con todas as ganas, toda a ilusión e toda a forza da que son capaz e o que quero, o meu obxectivo principal, é fortalecer o partido con este mandato, sobre todo as agrupacións máis pequenas e que teñen máis dificultades. Loxicamente, o obxectivo final é saír reforzados de cara ás próximas eleccións municipais, conservar as alcaldías que temos neste momento e conseguir algunha máis. Sinceramente, neste momento creo que hai razóns obxectivas que nos permiten pensar que iso pode ser posible. Por outra banda, evidentemente, tamén debemos idear o Goberno Provincial na Deputación para poder seguir xestionando os recursos que benefician á totalidade dos concellos con criterios obxectivos. Antes, cando gobernaba o Partido Popular, isto non se facía, e tampouco se fai hoxe na Xunta de Galicia. Nós repartimos os fondos con criterios obxectivos, que son coñecidos por todos e que son iguais para todos. A axuda da Deputación mantén vivos a moitos concellos. A través do Plan Único da Deputación saben que van ter un diñeiro que oscila entre case 200.000 euros para o concello máis pequeno, que é Negueira de Muíña, con 225 habitantes, e os concellos máis grandes, como Lugo, Monforte ou Viveiro, que reciben ata 600.000 euros aproximadamente. Os demais están entre os 300.000 e 400.000 euros aproximadamente. Pero, sobre todo para os concellos pequenos, esas axudas supoñen moito. **Antes falábase moito de que a Depu-**

tación era “inoperante”. Este discurso xa se freou, supoño que porque a Deputación cobrou moita máis relevancia nos últimos anos.

Sen dúbida, porque cada vez prestamos máis servizos aos concellos. Hai moitos que, se non fora pola Deputación, non poderían funcionar, porque non son capaces de cobrar os seus propios impostos. Hai que facerlles informes para contratar case todo. Moitas veces damos apoio aos secretarios para celebrar plenos, á intervención para pechar as contas... Xa sei que iso

“O acordo co BNG funciona e dá estabilidade porque está baseado no respecto”

non se ve, pero a cantidade de apoio a través de cooperación cos concellos é inmensa. Polo tanto, a Deputación é básica e, se non queremos chamarlle Deputación, temos que chamarlle doutra maneira, pero ten que haber un ente que estea por riba dos concellos que lles preste apoio, polo menos mentres teñamos o nivel de concellos que temos. En Italia e Francia, por exemplo, agrupáronos. Aquí hai algún exemplo moi pequeno, como Oza-Cesures ou Cerdedo-Cotobade, pero non é o común. Mentres esta sexa a situación, con moitos concellos de moi pouca poboación, ten que haber unha entidade que faga certas funcións. Ademais, facemos moitas outras cousas, polo menos aquí en Lugo. Por exemplo, a cooperación que se fai desde esta institución, aquí

en Lugo, coa Universidade, tanto coa USC (Campus Terra) como coa UNED é tremenda. E a cooperación cos sectores primarios, exactamente igual. Temos convenios con todo o tecido empresarial, comercial, asociativo e produtivo. A Deputación é unha institución útil e ben valorada polos profesionais, dende o meu punto de vista. **Nestes seis anos, hai algún proxecto do que se sinta especialmente orgulloso?**

Si, hai varias cousas. Eu creo que, primeiro, cando cheguei á presidencia, esta casa atravesaba momentos institucionais difíciles. Consequimos normalizar todo iso. Hoxe, se a Deputación é nova, é polo que é capaz de facer ou non, por debates políticos, polos plenos... pero non porque non sexa un ente estable, ben organizado e que funcione. Iso parece un tema menor, pero non o é. Logo, sen dúbida ningunha, o tema da mobilidade na provincia. Estamos facendo os maiores investimentos que nunca se fixeron. Pódese criticar que haxa fochancas non sei onde, hainas e sempre as haberá. Na Xunta, no Estado, en todas partes. Pero o maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos. Este ano é o récord, con 27 millóns de euros entre conservación e obra nova. Destínase preto dun terzo do orzamento a iso. A cooperación que estamos tendo agora mesmo coa USC, tampouco nunca se dera. Unha das cousas que xa estaba feita, pero sen poñer en marcha, era a Granxa de Leite, onde fan prácticas os alumnos de Veterinaria e de Enxeñería Agrónoma, nun laboratorio vivo, nunha granxa viva. Agora tamén temos en marcha outra cousa, da que estou especialmente satisfeito: unha granxa de porco celta, para a recuperación da



raza autóctona galega, que ten moitísima demanda e non tanta oferta. Así, axudamos tanto a Asoprocel como á USC. De feito, unha das razóns polas que o Campus Terra obtivo a aprobación na inspección da Unión Europea foi precisamente pola Granxa de Leite e a de Porco Celta. Despois hai tamén outro proxecto moi relacionado co ecoturismo que é o Parque Central de Galicia. Temos o centro xeográfico de Galicia, segundo o Instituto Xeográfico Nacional, no Concello de Antas de Ulla, en Nogallás. Neste momento o parque ten xa 4 hectáreas de extensión. Vai haber edificios para actividades formativas de todo tipo, incluso para que xoguen os nenos. Tamén haberá un monólito coas coordenadas para que a xente poida facerse fotos. Por certo, nesas parcelas había eucaliptos, que quitamos, fixemos unha selección dos mellores carballos que había. Pero como todo, cando fas unha obra nova, o día que a acabas non é cando máis bonita está. É ao cabo dun par de anos, cando medran as árbores, o céspede... creo que vai ser un atractivo turístico para a nosa provincia.

E sobre turismo?

A isto hai que sumar os catamaráns, as rutas que temos, os consorcios de turismo da Mariña e a Ribeira Sacra, o tema das rutas do románico... temos moitas actividades en marcha. O programa “Coñece a túa provincia”, por exemplo, que antes non se facía, ten unha enorme demanda. Todas estas cousas creo que son moi importantes. E logo, o tema das residencias é fundamental para nós, no que respecta ao benestar social. Cando cheguei á Deputación, é certo que había algunhas en construción, pero había tres en marcha, creo lembrar. Hoxe hai nove en funcionamento, outras catro en

construción, que son Becerreá, Guitiriz, A Pontenova e A Pobra do Brollón, e hai outras cinco en trámite para saír adiante. Son cuestións coas que, evidentemente, temos un compromiso firme. Tamén, por suposto, traballamos nos sectores primarios. Estamos coa raza rubia galega, conservamos a cachena, temos o tema do cabalo galego, seguimos tamén coa granxa de recría de xovencas... En fin, eu creo que o traballo que está facendo a Deputación é diverso, útil e, sobre todo, moi centrado no tecido produtivo.

Falaba da estabilidade que se conseguiu na Deputación. Supoño que este “matrimonio” tranquilo e sereno co BNG é parte diso?

Sen dúbida. Eu creo que está baseado no respecto. A min gústame que, se se chega a un acordo, ese acordo sexa respectado e cumprido. Temos un acordo de goberno onde cada quen ten as súas responsabilidades, e ti non te metes nas dos demais, e os demais tampouco se meten nas túas. Evidentemente, iso axuda moito, e é un tema que eu quero levar estritamente. Temos isto pactado e hai que cumprilo. Creo que o mandato anterior funcionou de marabilla, foi un exemplo para todo o mundo de como pode funcionar un goberno de coalición. E neste momento segue igual. Levamos seis anos así, como ti dis, é un “matrimonio doce”, e penso que imos rematar así o mandato. Logo, Deus dirá. Agardamos seguir gobernando a Deputación Provincial de Lugo e xa veremos a que acordos chegamos.

Nos últimos tempos, o PSOE sufriu moitos cambios. Besteiro a nivel galego, aquí en Lugo finou á alcaldesa, a elección de Miguel, as primarias...

Como se vive tanto movemento?
O PSOE é un partido histórico, con



máis de 140 anos de historia, e ten unha bagaxe tremendo ás costas. Somos un partido serio, rigoroso, de goberno, e somos a columna vertebral neste momento da acción política na provincia de Lugo, sen ningunha dúbida. Hoxe os concellos máis grandes da provincia, a excepción de Viveiro pola moción de censura, están gobernados polo PSOE, igual que a Deputación. Eu procuro seguir eses pasos. Levo xa certa experiencia en política, no Parlamento, no Concello, na Deputación e noutros ámbitos, e sempre tiven a mesma forma de traballar: con rigor e seriedade. Podes caer máis simpático ou menos, pero o que ninguén pode dicir é que non traballas, que non intentas axudar e poñer solucións enriba da mesa. Sexan mellores ou peores, iso é o relevante para min. Nas últimas primarias, en números redondos tiven o 60% de apoio dos militantes. Logo, no Congreso, chegou ao 83%. En fin, se houbera outras primarias, creo que serían distintas, pero foi o que foi. En todo caso, agradezo a todos os que votaron, tanto a uns como a outros, porque iso é democracia. Dicimos que non estamos preparados para as primarias, pero si que o estamos. Mira como votaron os afiliados e non pasa nada. E cando hai primarias nos Estados Unidos, alí son normais, e aquí non? Temos que ser capaces de competir un día e, ao día seguinte, unha vez que falamos os afiliados, cada quen ten as súas opcións.

Cales son os obxectivos a longo prazo? Ten pensado seguir medrando a nivel político?

Non. Teño todas as miñas aspiracións políticas cumpridas. Tiven a sorte de ser deputado, coñezo o parlamento galego. Ademais, vivino nas dúas etapas: unha de goberno, con Emilio Pérez Touriño, e outra de oposición, con Feijóo. Tamén tiven ocasión de estar no Concello tanto na oposición como no goberno, e na Deputación, sempre gobernando. Para min, todas as

“O maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos”

aspiracións están cumpridas. É certo que, como dixen no Congreso, gustárame que un lucense como Besteiro fose presidente da Xunta. O obxectivo principal para nós son as eleccións municipais de 2027 e, por suposto, tamén a Deputación. Pero desde o traballo que fagamos aquí na provincia, queremos ser un punto de apoio e obter bos resultados en Galicia. Será necesario facelo en coalición, porque o voto da esquerda está fragmentado entre o BNG e o PSOE, non se prevén maiorías absolutas. O importante é sumar entre o PSOE e o Bloque para

volver gobernar Galicia. O bipartito de Touriño foi moi bo, na miña opinión. Tiveron pouco tempo para desenvolver o proxecto. Aínda hoxe, despois de 16 anos, criticase desde a Xunta aquel bipartito, iso quere dicir que algo bo se fixo. Despois de tantos anos de goberno do PP, fai falta un cambio, un aire novo na política en Galicia. Todos os gobernos necesitan renovación. Incluso se o PSOE levase tantos anos gobernando, igual tamén lle viría ben algo de aire fresco. Creo que a Galicia lle fai falta esa transición. **Como se combina a presidencia da Deputación coa Alcaldía?** Ben, o importante é organizarse e ter un bo equipo, tanto no Concello como na Deputación, para poder delegar. No Concello, ningún alcalde antes ca min conseguiu tanta inversión para Monforte. Iso dícenmo os propios exalcaldes. Hai moito traballo detrás, con administracións da Xunta, do Estado, da Confederación. Algunha axuda tamén da Deputación, como ao resto dos concellos. Hai inversións en Monforte que levaron anos de negociación, como a supresión de pasos a nivel, que levou cinco anos de traballo. Ou a nova depuradora do Polígono Industrial, que dará servizo durante décadas, incluso se o polígono duplica o seu tamaño vai haber capacidade. Son proxectos que permiten que unha cidade medre e a súa economía mellore. Agora, nos tres ou catro últimos anos hai unha tendencia de crecemento que parece continuar, e iso é porque se están des-



envolvendo proxectos e inversións que xeran actividade económica e atraen a xente que se empadroa. Na Deputación tamén é visible o traballo que se fai, e teño que agradecer aos compañeiros e compañeiras que me axudan. Sempre poño un exemplo extravagante: se Jacques Chirac puido ser alcalde de París e primeiro ministro de Francia ao mesmo tempo, pois eu tamén podo.

Agora supoño que toca traballar para as eleccións

Si, máis ou menos en ano e medio temos que ter as listas, porque as eleccións son o 23 de maio de 2027. Nós temos unha gran vantaxe neste sentido, e é que temos equipos moi bos nos concellos. Gobernamos moitos deles, o 60% da poboación da provincia está en mans do PSOE. Nalgún concello pode haber dificultades, pero en xeral temos bo traballo feito. Nalgúns sitios haberá que reforzar algo, pero en xeral estamos ben.

Como se atopa a relación coa Xunta? Ben, de feito, mellorou algo co cambio de Feijóo a Rueda. Non hai cor. Hai máis capacidade de escoitar, pero aínda así anuncian moito e fan pouco. Polo momento, as grandes débedas coa provincia de Lugo seguen sen saldarse. Din que van desbloquear a variante de Viveiro, pero iso o que quere dicir é que estaba bloqueada. Por outro lado, a Ronda Este tamén ía facerse antes das municipais, pero non tiñan proxecto nin expropiacións, nin nada. Era unha gran mentira. Dícían que había 6 millóns de euros, pero nada. De feito, nós lle demos a solución a Rueda para ese proxecto, porque se pode facer sen tocar o río Rato, sen tocar a ponte e sen tocar a Carballeira. É dicir, cun impacto mínimo comparado co que eles propoñían. Tamén está pendente a conexión coa A6 na Gándara, é vital. Tampouco cumpren cos museos, cando se pactou o Museo da Romanización,

pactouse un museo por provincia. Os outros tres están feitos. Todos menos o de Lugo. Por outro lado, a vía principal da provincia entre Lugo, Sarria e Monforte, que é a que ten máis poboación, segue sen desdobrase. Tamén está pendente o porto seco de Monforte, que foi Feijóo a inauguralo, pero aquilo ao final está inacabado, non dá servizo a empresas. É dicir, hai moitas débedas da Xunta con Lugo: servizos sociais, residencias... Levan máis de 15 anos sen facer unha residencia en Lugo. A de Amancio Ortega foi doada, non feita por eles. Son malos executores do orzamento, incluso co IGAPE, só gastan a metade do orzamento que teñen. O resto irá para amortizar débeda ou para o que sexa pero non para o tecido galego.

E co Goberno central?

Eu creo que, para a provincia de Lugo, é unha sorte ter este Goberno. España nunca estivera tan ben economicamente. Nunca houbo tanta afiliación á Seguridade Social, sobre todo de mulleres. Hai máis de 21 millóns de afiliados, por iso o PP nunca fala de se o PSOE é o partido do paro, porque ese é o seu. Foron eles os que precarizaron o traballo coas súas reformas. Este goberno está a recuperar o tempo perdido. Cando Ana Pastor foi ministra, por poñer un exemplo, rompeu o contrato da Intermodal de Lugo, eliminou máis de cen quilómetros de vía única entre Zamora e Ourense, deixou caducar as variantes de Canaval e Rubián... Cando chegou Pedro Sánchez, non había un só quilómetro de vía en obras. Agora hai case 600 millóns de euros investidos na provincia de Lugo. En canto ao tema da alta velocidade, vaise chegar de Lugo a Madrid no mesmo tempo que se tarda en chegar de Madrid a Vigo ou á Coruña, por moito que intenten negalo. Obviamente, as obras están sen rematar e van tardar polo menos un par de anos, pero vai chegar.

EN CLAVE PERSOAL

Idade: 66

Estado civil: Casado

Fillos: 2

Lugar de nacemento: Guitiriz, na aldea o Ombral, en Mariz.

Cando foi para Monforte?

Cando vin traballar. Fixen Agrícolas na Escola Politécnica, que daquela era a Escola de Peritos. Despois traballei na Escola de Especialización Agraria como profesor de tecnoloxía agraria.

Deixou o traballo pola política?

Non, primeiro fun á executiva galega da UGT Galicia como responsable de formación e emprego con Suso Mosquera e aí tiven unha liberación sindical, como se adoita dicir. Aí estiven cinco anos, do 98 ao 2003. Despois, en 2003, presentéime ás municipais por primeira vez e gobernamos en coalición co BNG. De 2005 a 2011 fun ao Parlamento de Galicia. Deixeiino voluntariamente, por un tema que había con Pachi Vázquez. Logo voltei ao meu posto de traballo ata 2015, cando gañamos as eleccións en Monforte. E ata hoxe.

Toca xubilarse da parte profesional?

Ben, estou en excedencia. Eu creo que non vou volver.

Que pensa facer cando se xubile?

De momento non o teño pensado porque aínda non sei cando me vou

xubilar, pero supoño que terei cousas que facer.

Que lle gusta facer cando non traballa?

Gústame moito todo o relacionado coa agricultura. Hortas, produción de plantas, apicultura... De feito, teño unha viña pequena, pero agora mesmo non teño tempo para coitala. Eu non son de estar sentado, necesito estar activo sempre.

Ser socialista nácese ou faise?

Eu creo que se fai. Claro que cada un nace cunha sensibilidade, pero ser socialista eu creo que é unha das mellores cousas desde o punto de vista ideolóxico que che pode pasar. Moita xente, igual que cando se fala de política, non temos clara a definición das cousas. Para min, ser socialista é ter unha sensibilidade social e axudar aos demais. Eu sempre digo que o mellor programa social que existiu e que nunca tivo ningún partido é a Biblia. Ao final, o que dicía Xesucristo era que quería repartir riqueza, axudar aos enfermos, aos pobres... E iso é un programa social. A outros gústalles acumular riquezas... eu creo que a riqueza debe estar repartida. Sempre vai haber alguén que destaque e algún que quede descolgado, pero o importante é que a gran maioría das persoas estean ben. Ese

é o obxectivo. A política é ocuparse das cousas públicas.

Cambiaría algo da súa vida?

Non, agora mesmo non cambiaría nada. Seguramente, se me poño a pensar e a analízalo finamente si cambiaría algunha cousa, pero en termos xerais estou moi satisfeito coa vida que tiven e que teño.

Arrepíntese de algo?

Conscientemente non, porque nunca lle fixen dano a ninguén conscientemente. Inconscientemente, como todo o mundo, puiden equivocarme algunha vez e que alguén o pasase mal pola miña culpa. Pero conscientemente non teño a sensación de ter feito ese dano.

De que se sente máis orgulloso?

Dos meus fillos e dos meus netos, sen ningunha dúbida. Desde que son avó non me aburro. Teño pouco tempo para estar con eles, pero o que podo gústame desfrutalo con eles.

Algo que desexe?

Saúde. É o primeiro. Pero a nivel xeral, tamén me gustaría que houbera un mellor reparto da riqueza e que rematasen as matanzas e as guerras. Hai cousas que non se xustifican. O que ocorre en Gaza e Ucraína, e noutros moitos lugares dos que non se fala, ten que rematar xa.

COMARCA

O Consorcio de Bombeiros aproba unha suba salarial



O presidente da Deputación de Lugo e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, aprobaron a Conta Xeral correspondente ao exercicio anterior e un suplemento de crédito por importe de 1,1 millón de euros. Esta modificación orzamentaria permitirá facer fronte ao incremento salarial pactado no convenio colectivo asinado co persoal do servizo. Con esta achega extraordinaria, o orzamento vixente do Consorcio para o ano 2025 ascende agora a 8,7 millóns de euros, fronte aos 7,6 millóns de euros co que se iniciara o ano. Esta dotación económica continúa a ser asumida a partes iguais pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, o que garante a continuidade e calidade do servizo que prestan os seis parques provinciais de bombeiros situados en Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

Cada un destes centros conta con cadros de persoal compostos por 20 efectivos. O convenio laboral, acordado a principios deste ano, introduciu melloras significativas nas condicións dos traballadores. Entre elas destacan a incorporación de 26 novos efectivos ao cadro de persoal, un aumento salarial anual de 6.000 euros para a categoría de bombeiro, así como unha redución da xornada laboral anual en 158 horas, ata acadar as 1.642 horas anuais. Tamén se recoñeceu o dereito a seren considerados persoal laboral fixo aos traballadores con contrato indefinido no momento da subrogación, que tivo lugar o 1 de maio de 2019. José Tomé subliñou que este acordo supón un paso importante na consolidación e mellora das condicións laborais dos profesionais que prestan un servizo para a seguridade e o benestar da cidadanía.

O Servizo de Atención Temperá inaugura unha nova sede

O servizo de atención temperá (SAT) da comarca de Sarria inaugurou as súas novas instalacións, situadas nun local na Avenida de Becerreá. Esta nova sede, caracterizada por espazos amplos e ben iluminados, comezou a funcionar desde febreiro e supón un avance importante para mellorar a atención que ofrecen aos nenos e nenas de 0 a 6 anos e ás súas familias. Nun encontro promovido polo Concello de Sarria, que xestiona a subvención da Xunta e coordina o servizo, participaron representantes dos sete concellos aos que o SAT presta atención. O obxectivo foi dar a coñecer en persoa as novas instalacións e os recursos dispoñibles, así como poñer en valor o traballo que realiza o equipo profesional que atende aos pequenos usuarios. Cristina López Moscoso, coordinadora do SAT, xunto ao equipo multidisciplinar formado por logopedas, psicólogos, psicopedagogos e mestres, amosou as novas dependencias e explicou os recursos e metodoloxías empregadas para garantir unha atención temperá de calidade e totalmente gratuíta. Ademais, desde a entidade están á espera do trámite dun contrato para que se sume ao equipo un terapeuta ocupacional. As novas instalacións, que contan con luz natural, algo que valoran moito, inclúen tres salas que corresponden para o ámbito da psicoloxía, a psicopedagogía e a logopedia, que “son pequenas e, polo tanto, ideais, para o traballo cos nenos, xa que contan con pouco estímulo e son brancas, reducindo o elemento dis-



tractor”, explica Cristina. Outra sala está dedicada ao ámbito da psicomotricidade e da sensorialidade na que traballa un dos mestres e na que traballará o terapeuta ocupacional. “Conta con diversos xogos para os nenos, como un bambán, que lles axuda a algúns nenos a autorregularse. É dicir, é unha sala pensada para o xogo, pero tamén como unha forma terapéutica para promover o benestar dos nenos a través desa forma lúdica”, comenta a coordinadora. Tamén hai unha sala onde traballan conxuntamente os profesionais cando non están en sesión cos nenos. “Traballamos conxuntamente para falar das nosas intervencións, e así nos enriquecemos todos co traballo dos demais, sempre en beneficio do neno ou nena”. E, finalmente, hai unha sala que se dedicará para as xuntanzas coas familias, sendo unha sala ampla e

polivalente. Como parte das actividades complementarias, o SAT planea organizar xornadas formativas centradas en cuestións como as condutas disruptivas e a implementación de normas e límites na crianza. “No mes de abril, polo día do TEA, fixemos unha xornada dirixida a educadores infantís e a nosa pretensión é facer algún grupo de familias para tratar temas de interese”, comenta Cristina. Actualmente, o servizo está a atender arredor de 80 menores con dificultades no desenvolvemento ou risco de padecelas, derivados principalmente de Pediatría. Entre os casos atendidos destacan aqueles con problemas de linguaxe, trastornos do espectro autista ou enfermidades pouco habituais, ademais de afrontar retos actuais como o impacto do uso das pantallas na crianza.

O TSXG suspende as autorizacións para construír tres parques eólicos

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) decreta a suspensión, de forma cautelar, das autorizacións administrativas previas e de construción de tres parques eólicos situados na provincia de Lugo. En concreto, do parque eólico Monte Contado, situado en Lugo e Castroverde, do parque eólico Paradela, situado en Bóveda, O Saviñao, Paradela e Sarria, e do parque eólico Carballal, proxectado na Pastoriza. Na resolución relativa ao parque eólico Paradela, a Sala entende que a indicación de especies

vulnerables ou en perigo de extinción que contén para o parque a Declaración Ambiental Estratéxica (DAE) do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico “serve como indicio cualificado de que existen valores ambientais significativos e que por esa razón son relacionados e inventariados así polo Ministerio”. No auto, os xuíces salientan que, de acordo cos datos que se incorporan ao informe pericial unido á petición cautelar, resulta que polo menos tres dos aeroxera-

dores proxectados “se colocarían nunha situación seriamente próxima a vivendas, en tanto non cumprían coa distancia recomendable”. O TSXG conclúe que “se ha de entender, necesariamente, e neste caso con todas as implicacións que ha de conlevar polo que se refire non xa á protección do medio natural (en xeral, de todo tipo de especies animais e vexetais), senón á protección da saúde e o benestar do ser humano que habita na zona, que si se demostrou periculum in mora”.

C-27-000501

Centro de

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

TRASTORNOS

• MIOFUNCIONALES

• AUDICIÓN

• LENGUAJE ORAL Y ESCRITO

• HABLA

• VOZ

NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria
Tfno.: 669 260 537 m_martl@hotmail.com

DEPUTACIÓN

O Pleno pide á Xunta que asuma o seu compromiso cos maiores

O Pleno da Deputación acordou reclamar á Xunta que asuma o seu compromiso coa atención ás persoas maiores da provincia tras 15 anos de abandono. Na sesión ordinaria do mes de maio púxose de manifesto que é a institución provincial a que está a cubrir as necesidades do territorio en materia de residencias e nese sentido, os grupos políticos acordaron demandar ao Goberno galego que se faga cargo das súas responsabilidades nesta materia.

A iniciativa do Goberno saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

En referencia ás 24 residencias que anunciou o presidente da Xunta, o presidente da Deputación, José Tomé Roca, reclamou antes da sesión plenaria que se destinen “como mínimo” seis centros á provincia, que son os que lle correspondería por criterios de proporcionalidade territorial. Apuntou ás declaracións de Rueda para criticar que a provincia de Pontevedra vaia ser a maior beneficiaria dese reparto, explicando que “a provincia Lugo ten menos poboación e polo tanto interesa menos ás empresas privadas. As Administracións temos que chegar onde non chegan as empresas privadas, e garantir a igualdade de oportunidades e servizos con independencia de onde residan”. Propuxo ademais a colaboración institucional para coordinar a situación das novas residencias na provincia, para atopar os concellos máis axeitados e onde poi-



dan prestar un mellor servizo.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que “Galicia está á cola do Estado en canto a prazas públicas en residencias de maiores, cunha porcentaxe do 41%, fronte a unha media estatal que supera o 60%, e cun déficit estimado de 14.000 prazas”, segundo os informes da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. “Somos nós, os gobernos progresistas, os que estamos a atender as demandas dos concellos e dos nosos maiores, cubrindo as carencias da Xunta de Galicia en materia asistencial”, subliñou. Incidiu que nos últimos anos a Deputación abriu nove residencias nos concellos da Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Castroverde, Ribadeo, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, “achegando máis de 300 prazas públicas, mentres que o Goberno galego non incorporou ningunha”.

O Pleno tamén sacou adiante, malia os votos en contra do PP, unha

moción socialista instando á Xunta a garantir a atención ás persoas con problemas de saúde mental. “Hai 1.000 lucenses que levan máis de 6 meses esperando por unha cita co especialista, son dous terzos do total dos pacientes galegos en longa espera”, sinalou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen defendeu a iniciativa na que reclama ao Goberno galego máis persoal, investimentos e a redución das listas de agarda.

O BNG sacou adiante unha moción na que insta á Xunta a manter a moratoria do eucalipto ata 2030. A deputada Iria Castro defendeu a iniciativa, que reclama unha xestión activa do monte que garanta a creación de riqueza e emprego no país. “O BNG non está en contra do eucalipto, pero non podemos camiñar cara un sector forestal que dependa exclusivamente desta especie, porque iso podería supoñer unha baixada do prezo e un perigo no caso dunha praga similar á que sofren agora os piñeiros”, explicou.

Aprobadas as bases dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía

A Xunta de Goberno sacou adiante a convocatoria da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e da gastronomía da provincia de Lugo, de novo con tres categorías: Premio Lugo Cambia ao turismo lucense; Premio Turismo Sostible; e premio ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense.

Poden presentarse persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalguna das tres modalidades e que teñan repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica. As candidaturas poderán presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata.

O xurado estará composto polos representantes do Consello Provincial de Turismo, que, nunha sesión extraordinaria, fallará ata un máximo de tres premios nas categorías Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, respectivamente, e un único premio no caso da categoría de Turismo Sostible. A maiores, o xurado poderá propoñer ata un máximo de tres accésits en total. Os galardóns serán entregados

a finais de setembro nun acto público e como nas edicións anteriores, os premios consistirán nun diploma acreditativo e nun agasallo. Está previsto que as bases desta sexta edición do certame se publiquen nos vindeiros días no BOP.

MEDIO AMBIENTE. Tamén aprobou a resolución do VII Concurso de Fotografía O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses. “Coa temática desta edición pretendíamos poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio etnográfico destas Reservas da Biosfera que xestiona a Deputación, é que son unha das ferramentas importantes para o desenvolvemento da provincia”, explicou a Voceira socialista.

Os premiados deste 2025, segundo os criterios da Comisión Avaliadora, son: Javier Cabana Soengas, pola súa obra Arbóreo: Raíces dos Ancares, que recibirá o primeiro premio dotado con 800 euros; Ana María Taboada García, coa súa fotografía Crepúsculo no río Neira, será galardoado co segundo premio que está dotado con 500; Iago Manoel Souto Lorenzo, que inmortalizou Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares, acadará o terceiro premio que conta cun importe de 300 euros.

Outorgan á Deputación o Premio Lois Peña Novo polo uso do galego

A Deputación de Lugo vén de ser distinguida co Premio Lois Peña Novo 2025, un recoñecemento que pon en valor o labor realizado pola Aseoría Xurídica provincial no uso continuado e rigoroso da lingua galega nas tarefas administrativas e legais que desenvolve, tanto de maneira oral como escrita.

O xurado salientou que se trata “dunha iniciativa insólita e valente que está a impulsar unha galeguización integral na práctica xurídica dunha institución pública, unha aposta decidida pola lingua propia que se está a converter nun referente para outras administracións públicas, colexios profesionais e asociacións de letrados”.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, manifesta a súa satisfacción por esta nova, pois este premio “é unha honra e tamén unha responsabilidade. É un recoñecemento ao traballo serio, rigoroso e comprometido que se leva a cabo desde a nosa Aseoría Xurídica. Pero sobre todo, é un estímulo para seguir apostando polo galego como lingua útil, precisa e digna en todos os ámbitos”.

“Na Deputación de Lugo temos claro que unha lingua que se usa na administración, na xustiza e nos espazos formais é unha lingua con futuro. Por iso, este galardón anímanos a seguir traballando con orgullo e con convicción como viñemos facendo ata agora, polo que seguiremos empre-

gando o galego nos procedementos xudiciais da institución e na representación xurídica dos concellos da provincia”, engade.

O xurado destacou tamén o carácter innovador e abandeirado desta aposta, que “racha coa tradición desgaleguizadora do ámbito xurídico, abrindo camiños para outras administracións e acreditando a súa capacidade para artellar un exercicio xurídico rigoroso, moderno e plenamente normalizado”, Consideran os membros do xurado esta experiencia un “exemplo claro de como a vontade e o compromiso poden provocar unha mudanza estrutural nun dos sectores máis resistentes á galeguización”.

Supermercados PARADELA

Su supermercado de confianza

Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

triacastela

Olga Iglesias, premiada pola súa defensa do Camiño Francés



A alcaldesa de Triacastela e presidenta da Mancomunidade do Camiño Francés, Olga Iglesias, recolleu en Castro Caldelas un dos galardóns entregados co gallo do 'Foro do Bo Burgo', un recoñecemento que distingue a súa traxectoria e compromiso coa defensa do Camiño Francés ao seu paso por Galicia. O premio foi outorgado polo Concello de Castro Caldelas, presidido por Sara Inés Vega, no marco da conmemoración dos 797 anos do 'Foro do Bo Burgo de Caldelas', considerado o documento máis antigo escrito en galego que se conserva. Trátase dun texto legal outorgado polo rei Afonso VIII de León no ano 1228, que establecía dereitos e obrigas para os habitantes do burgo. Estes galardóns teñen como obxectivo homenaxear a aquelas persoas físicas ou entidades que destacan pola súa defensa da lingua galega, das tradicións populares ou polo seu labor en favor das terras e da

xente de Galicia. No caso de Olga Iglesias, o xurado, formado por Sara Inés Vega, o historiador Manoel Carrete e o párroco José Manuel Armesto, salientou "o seu esforzo persoal como alcaldesa do rural e as súas iniciativas a prol do Camiño Francés", destacando o seu papel na promoción e protección dunha das rutas xacobeas máis emblemáticas. Este recoñecemento súmase ao traballo que desde Triacastela e a Mancomunidade do Camiño Francés se vén desenvolvendo nos últimos anos para poñer en valor o patrimonio cultural, natural e histórico desta ruta milenaria. Concretamente, Olga Iglesias exerce como presidenta da Mancomunidade desde 2023 e, durante este tempo, impulsou proxectos clave como o "Camiño Francés: Camiño 360º", a "Guía Dixital do Camiño Francés", e a participación no proxecto europeo "Camiño de Europa".

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

Xa hai gañadores do XXX Certame Literario de Paradela

O Concello de Paradela vén de fallar os premios da XXX edición do seu Certame Literario, unha cita que reuniu un total de 210 obras, 74 obras na categoría de poesía, 123 na de narrativa e 13 na modalidade especial dedicada ao Camiño de Santiago. A decisión foi tomada polo xurado encabezado pola alcaldesa, Montserrat Mulet Sar, e acompañado por destacadas figuras do mundo cultural como o xornalista Xulio Xiz, o director de Galicia Digital, José Antonio Giz, ou o profesor e escritor Jaime Félix López Arias. En poesía, o primeiro premio foi para 'Outono na flor dos dedos', de Martiño Maseda Lozano, mentres que o segundo galardón recaeu en 'Últimas palabras de Josefina Manresa', da autoría de Esteban Torres Sagra. No apartado de narrativa, o primeiro premio le-



vouno 'Unha aldea en Marte', tamén de Pedro Rielo Lamela, quen logra así un dobre recoñecemento. O segundo premio foi para 'El laberinto de cristal', de Ricardo Cano García. Finalmente, na categoría especial dedicada ao Camiño de Santiago, o xurado decidiu conceder o primeiro premio á obra 'Romances

del Camino de Santiago', escrita por Jose Manuel Brea Feijoo. O Certame Literario de Paradela, que continúa medrando en prestixio e participación, consolídase así como unha plataforma fundamental para a promoción das letras galegas e a expresión creativa, tanto de autores consagrados como de novas voces emerxentes.

Éxito na XXXIV Feira de Ano San Isidro con gando, música e cultura

A XXXIV edición da Feira de Ano San Isidro de Paradela congregou a centos de persoas que se achegaron a desfrutar da Feira de Maquinaria Agrícola e da Feira de Artesanía. Ademais, houbo gran cantidade de animais, promovendo así unha exposición gandeira, na que se puideron ver exemplares de distintas especies. A Charanga de Paradela pola mañá e a Banda de Música de Paradela pola tarde, acompañaron o desfile de carros, gando e cabalos do país. Ademais, á noite actuaron Los Satélices. A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, sinalou a importante



aposta levada a cabo pola Xunta para impulsar o sector agrogandeiro galego, como os plans de mellora de explotacións e para fomentar a remuda xeracional no agro, apoiando a incorporación de novos agricultores. Tamén destacou tamén as achegas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo.

A Deputación de Lugo adxudicou por 28.000 euros uns terreos sen uso

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo adxudicou un único lote de parcelas no Concello de Paradela, no lugar de Adega, na parroquia de San Facundo de Ribas de Miño. Trátase de distintos terreos que sobraron tras a construción dunha ponte promovida pola Deputación e que, unha vez finalizada a infraestrutura, xa non teñen utili-

dade para a institución provincial. Estas parcelas, que estaban en desuso, foron incluídas nun procedemento de alleamento para seren postas en valor a través da iniciativa privada. O lote quedou finalmente adxudicado ao Lar das Viñas López Otero, unha empresa dedicada á actividade vitivinícola e asentada na

contorna da Ribeira Sacra, por un importe de preto de 28.158 euros. A compañía poderá agora incorporar estas parcelas ao seu proxecto agrícola, presumiblemente para a ampliación dos seus viñedos, contribuíndo así ao aproveitamento produtivo de terreos públicos en desuso e ao impulso da economía local.

Sonia Arias presentou o seu libro 'Antes pasábase por aquí'

A escritora estivo acompañada do deputado de Participación Cidadá, Iván Castro, a quen lle agradeceu "que estea sempre, apoiando cada proxecto"

A escritora de Vidul, Paradela, Sonia Arias, vén de presentar o seu novo libro 'Antes pasábase por aquí', no que rende unha homenaxe ao rural galego, ás súas tradicións, á lingua e á memoria dos pequenos pobos coma o seu. A escritora estivo acompañada do deputado de Participación Cidadá, Iván Castro, que ademais de representante da institución provincial, é amigo e veciño, a quen lle agradeceu "que estea sempre comigo; é unha persoa que sempre está pendente da xente de Paradela e iso é moi importante para a difusión de todo o que facemos as persoas deste municipio", sostivo.

A obra, que nace dunha lembranza persoal, parte dunha frase que, segundo conta a autora, lle dicía seu pai cando camiñaban polo monte: "Antes pasábase por aquí". A partir desa expresión, Arias constrúe unha reflexión poética sobre o abandono progresivo do rural e a perda de costumes, lingua e

identidade que, para ela, supón unha preocupación e tamén un compromiso.

Pola súa parte, Castro destacou que nesta nova publicación, "Sonia constrúe un tecido de lembranzas e vivencias que nos conecta coa nosa historia recente e coas transformacións que afectan ao rural". Así, sinalou que ten a virtude de conectar coa xente e de demostrar que desde Paradela, "desde calquera sitio do rural, pódese chegar a calquera lugar". Asegurou tamén que a Deputación seguirá colaborando con este tipo de proxectos, "apoiando en todo o que poidamos". Pola súa parte, Sonia Arias agradeceu tamén á Deputación por darlle a oportunidade de lanzar unha vez máis unha das súas obras.

PRESENTACIÓN EN SARRIA. A Casa da Cultura de Sarria acolleu a presentación de 'Antes pasábase por aquí', o novo libro da escritora paradelense Sonia

Arias, que supón ademais a súa primeira obra escrita en galego.

'Acompañada polo concelleiro de Cultura, César No, e pola estudante de Socioloxía, Iris Rodríguez, Arias compartiu cos asistentes a emoción de ver por fin publicado un libro que nace do amor pola terra e da nostalgia pola vida que había nas aldeas. Durante o acto proxectouse unha fotografía que a autora cualificou como "fermosa" do monte do seu pobo, unha imaxe cargada de simbolismo que puxo marco visual ás súas palabras.

Un dos momentos máis especiais da tarde chegou coa participación do alumnado de 5º de Primaria da Asunción, a clase do fillo da propia escritora, que recitou varios dos seus versos. "Foi un momento especialmente emocionante", recoñeceu Arias, visiblemente emocionada pola implicación dos nenos e pola conexión xeracional que se creou a través da poesía.

Antes pasábase por aquí é un



canto á memoria e á identidade, e representa tamén un paso adiante na traxectoria dunha autora comprometida co idioma e co territorio.

UNHA CURTAMETRAXE. Ademais da publicación do seu libro, Sonia Arias, autora de Angels Fortune Editions, encóntrase inmersa coa produtora de Isabel Montes no proxecto 'Mudanza', un relato do libro 'Manchas de frío'. Así, con esta produtora estase a levar a cabo a preproducción da curtametraxe, que xa conta con inversores iniciais. "Se algunha empresa local da comarca de Sarria está interesada en patrocinar este documental,

poden contactar comigo", sostivo Sonia.

Ademais, dispoñen xa dun distribuidor que vai presentar 'Mudanza' en festivais nacionais e internacionais, adquirindo así unha grande difusión para Paradela, Sarria e Lugo, onde será gravado o curto, que estará dirixido polo director de cine Luisje Moyano.

"A intención é ofrecer traballo a empresas locais como tendas, perruquerías, tanatorios, hostalería...", explica a escritora, que se sente moi arroupada pola acollida na súa vila", e deu as grazas adiantadas a todos e as institucións que a apoian neste camiño.

ENTREVISTA A SONIA ARIAS

"Se vou falar do meu pobo e da miña xente, debe ser en galego"

A veciña de Vidul, Sonia Arias, lembra a frase que lle dicía seu pai, 'antes pasábase por aquí', coa que evoca un sentimento de pertenza ao rural

A súa obra, 'Los zapatos del lobo' estaba en castelán, por que 'Antes pasábase por aquí' vai en galego?

Para poder elaborar con profundidade un sentido vital, en homenaxe ao meu pobo, fundamentalmente ás persoas, aos costumes ou tradicións, polo que non podía utilizar outra lingua que non fose o galego. Noutras ocasións falei do amor, da amizade, da sociedade... noutra lingua, incluso con traducións ao inglés, pero se vou falar da miña xente, de Vidul, dos regatos, ríos, camiños, carreiros, montes e serras, ou do abandono do rural, ten que ser en galego.

Ten algunha meta en concreto con 'Antes pasábase por aquí'?

Sobre todo no persoal, defendo o meu idioma da mellor maneira que sei que é falando galego cada día. Tamén o meu fillo presume de lingua. Neste libro, en concreto, quero

poñer en valor aos galegos e non só á lingua, partindo que todo é un conxunto. Apreciamos e atesouramos os nosos costumes ou tradicións e con iso mostramos interese polas dos demais. Mentres escribía o libro, intensifíquei os valores e consellos dos meus avós ou da miña xente. Chegar con todos eles ata aquí é unha meta, así como tamén o é a firmeza coa que sosteño os temas que trato.

Vidul, fío conector da historia?

Vidul é o faro dende onde teño visibilidade. É o meu pobo de referencia en particular transcendendo a todos os pobos de Galicia dun xeito xeral.

Que hai dentro deste título?

Un significado moi amplo, porque considero que os pobos están a quedarse nun rotundo antes pasábase por aquí. Meu pai dicía de xeito nostáxico por onde adoitaba

pasar, antes, cando se desprazaba polo monte para ir traballar. Convertino nun verso e despois nun título. Cando sabes e queres escoitar, o que pasa ao teu arredor alcanza outra relevancia ou magnitude. Ese sentimento perdura no tempo e provoca un impulso que acaba sendo un pensamento e por último a miña interpretación. En ningún momento esquecín aos emigrantes galegos. A escritura para min é unha conversa onde me pregunto cousas. Unha ferramenta para coñecerme e poder coñecer, e polo mesmo, darlle lugar ao que insiste e existe. Os temas da vida forman e transforman a narrativa persoal e saen versos nos que pretendo lembrar de todos.

Que lle aportou a poesía?

Entusiasmo, responsabilidade, solidariedade, busca, comportamento,



conciencia, descubrimento. Decía Uxío Novoneyra: "O poeta é un gardador. Descubre, dona e garda".

Ten algún hábito ou manía ao escribir?

Un deles é o silencio. Os versos que máis destacan e os máis valiosos, intensos ou altos en emocións veñen dos silencios. Un longo silencio rescatou a un "antes pasábase por aquí". Iso si, cando ese silencio é interrompido por unha causa estúpida provoca un indubidable cabreo.

Quen acompaña este libro?

Tiña claro que sería Lomarti quen faría a portada do meu primeiro

libro en galego. El soubo captar a perfección as poesías en conxunto e poñer cada cousa no seu sitio fora. Aquí dentro hai moita amizade e grandes persoas con talento cultural e artístico. Tamén sabía que Angels Fortune ía estar man a man comigo e con esta terra que tanto a namorou. Destaco a valentía e a profesionalidade da miña editora Isabel Montes. E, por suposto, ás persoas que están dende sempre ao meu carón, como o escritor Carlos Ulloa, un grande amigo que fai unhas presentacións profundas e reflexivas.

'Voces do Páramo. A casa dos contos' continúa o seu éxito



O alumnado de 3º e 4º de Primaria do colexio do Páramo continúa a desenvolver o *podcast* 'Voces do Páramo. A casa dos contos', promovido polo profesor Toni, que empezou con esta iniciativa o ano pasado no centro educativo e xa conseguiu vincular ao seu alumnado con este proxecto, no que cada vez se suman máis.

No curso pasado, xunto a Toni, Flavia, Ana, Dani, Isaac e Uxiaforon os impulsores deste proxecto que naceu coa vontade de beneficiar a comprensión lectora do alumnado, así como a capacidade para falar en público e a mellora na dicción. Ademais, tamén serve para aprender matemáticas, xa que analizan o número de visitas que obteñen en cada podcast subido; así como aprenden Ciencias Sociais.

O profesor Toni valora o esforzo destes pequenos, que lle seguiron no comezo do podcast, e pon en valor os avances que se conseguiron neste curso, xa que en decembro chegaron a 5.000 oíntes e, xa en 2025, recibiron unha radio no marco do proxecto de Polos Creativos da Xunta de Galicia para dotar aos centros de materiais de innovación e experimentación nas novas tecnoloxías.

"Agora, gravar os *podcast* é moito máis sinxelo, xa que contamos con cinco micrófonos, unha mesa de son e todo iso facilita a edición do *podcast*", explica o profesor.

O último *podcast* que gravaron foi 'A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza', que se escoitou moito, pero tamén foron moit escoitados os episodios anteriores: "Séguese escoitando moitísimo e non só en Galicia, senón en todas as comunidades autónomas de España, e incluso a nivel mundial, como en Noruega, a Arxentina, Alemaña, Reino Unido, Estados Unidos, Polonia, Rumanía, Brasil, Portugal, Tailandia e Puerto Rico".

Con respecto ao alumnado, Toni di que "tamén continúan moi motivados e, coa chegada da radio, están colaborando máis nenos e nenas, polo que tamén sacamos un novo programa de 'Refráns, adiviñas e chistes a domicilio', unha proposta do centro que coordino eu, e no que cada alumno ten que dicir un refrán, adivinanza ou chiste que se grava coa nova radio. Logo, subímolo á web da radio escolar e os nenos escóitanos coas súas familias", explica Toni.

Celébranse as XLVII tradicionais Feiras de Primavera do Páramo

O Concello do Páramo prepara a 47ª edición das súas tradicionais Feiras de Primavera, que se celebrarán do 6 ao 8 de xuño no Campo da Feira, nun evento organizado pola Asociación de Amigos do Campo da Feira coa colaboración do Concello.

Esta cita anual, que se mantén viva desde mediados dos anos 70, ofrece un programa variado que mestura tradición, cultura, música e produto local, converténdose nun punto de encontro para veciños e visitantes.

Ao longo dos tres días, o recinto acollerá unha ampla exposición permanente de maquinaria agrícola, artesanía e pintura, ademais de postos de alimentación e polbeiros que ofrecen os sabores típicos da zona. A gastronomía será un dos piares fundamentais da festa, complementada con actuacións de grupos folclóricos e pasarrúas que animarán as rúas con música tradicional durante o día e verbena pola noite.

Un dos momentos máis esperados será o sábado, cando se celebrará a Feira de Gando Vacún, con concurso, desfile e poxa de gando frisón organizada por Africor Lugo. Nesta edición, os interesados poderán adquirir xatas e vacas de alto valor xenético procedentes de ganderías da provincia inscritas no Control Leiteiro, aínda que este ano non haberá poxa de xovencas de raza rubia galega debido á escaseza de exemplares preñados.

No concurso, onde participarán principalmente animais de ganderías locais e de concellos próximos como O Corgo e Samos, repartirase unha vintena de premios en metálico e trofeos para os mellores exemplares, elixidos por un xurado profesional. Pola tarde terá lugar o desfile de gando e a entrega de galardóns.

O domingo estará dedicado á Feira Cabalar, que abrirá pola mañá



e culminará cun espectáculo de doma de alto nivel protagonizado polo Club Ecuestre La Arboleda, procedente de Sanlúcar de Barrameda (Cádiz).

PROGRAMA COMPLETO. O programa da XLVII Feira e Festa de Primavera 2025 no Concello do Páramo desenvolverase durante tres intensas xornadas de celebración, cultura e tradición.

O venres 6 comezará ás 10:00 horas coa apertura oficial da festa mediante o lanzamento de foguetes e pasarrúas animados por grupos de música tradicional.

Ás 13:00 horas abrirá as súas portas a Feira de Maquinaria e Artesanía, e unha hora máis tarde terá lugar o pregón a cargo de Jesús Cortezón, Jesús Cortezón, enfermeiro do centro de saúde do Páramo xubilado e figura recoñecida na comunidade.

Ás 15:00 celebrarase a comida oficial, mentres que ás 17:00 a música tradicional seguirá protagonizando o evento coa actuación de grupos folclóricos.

A xornada rematará cunha festa-verbena que comezará ás 22:00 horas.

O sábado 7 ás 10:00 lanzaranse os foguetes e terán lugar os pasarrúas para dar inicio á xornada.

Ás 11:00 abrirase o recinto feiral

para o público, e ás 12:00 comezará a poxa de gando frisón organizada por Africor Lugo. Ás 13:00 haberá presentación e exposición do gando participante, seguida dunha sesión vermú ás 14:00.

Ás 17:00 celebrarase o desfile de gando vacún, tras o que se entregarán os premios aos mellores exemplares.

Á noite, ás 23:00 horas, dará comezo a tradicional festa-verbena. O domingo 8 ás 10:00 horas comezará coa habitual posta en marcha do día con foguetes e pasarrúas.

Ás 12:00 haberá actuacións de grupos folclóricos para manter a tradición musical. Ás 14:00 celebrarase unha nova sesión vermú para os asistentes.

Xa pola tarde, ás 18:00, terá lugar o espectáculo de doma cabalar a cargo do prestixioso Club Ecuestre La Arboleda, procedente de Sanlúcar de Barrameda (Cádiz).

Para pechar o evento, ás 20:00 horas celebrarase outra festa-verbena.

Durante os tres días da feira manterase aberta a exposición permanente de maquinaria agrícola, artesanía e pintura, así como unha variada oferta gastronómica con postos de polbeiros e outros produtos alimentarios típicos da zona.

PINTOR

PINTURAS HOGAR LATAS

tel.:659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES

PERSIANAS

PAPEL PINTADO

TARIMA FLOTANTE

659 767 936

HOGAR

CORTINAS - STORES

RIELES

ALFOMBRAS

EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,

93-95, bj - **982 533 497**

SARRIA (Lugo)

Peluquería

Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

Éxito na VI Xuntanza Parroquial de Saa

A VI Xuntanza Parroquial de Saa 2025, no Páramo, foi todo un éxito. Este evento que reuniu á veciñanza nun ambiente de convivencia, música, boa comida e entretemento para todas as idades. Ata 180 persoas desfrutaron do xantar, da actuación de Luis Rey e a animada actuación do Dúo Tropical, que puxo o broche de ouro á celebración.

A ruta de Fiz Vergara Vilariño foi reinaugurada por Ergueitas

A Asociación Ergueitas de Sarria percorreu a ruta de Fiz Vergara Vilariño nunha xornada que reuniu arredor de 70 persoas nun evento irrepetible marcado pola emoción, a arte e a memoria do poeta.

Durante o percorrido, participaron diversas artistas plásticas que deixaron a súa pegada mediante intervencións artísticas en 13 puntos do traxecto, interpretando outros tantos poemas de Fiz Vergara Vilariño.

A actividade formou parte dun proxecto de recuperación e posta en valor deste itinerario literario e artístico, nunha homenaxe á obra e ao territorio do poeta coincidindo co 25º aniversario do Premio de Poesía que leva o seu nome.

Nos meses previos ao evento, e en colaboración co Concello de Samos,



acometeu labores de mantemento e mellora: reparou instalacións que o precisaban, repuxo os soportes dos poemas que acompañan as intervencións artísticas e instalou nova sinalización e códigos QR, co obxectivo de enriquecer a experiencia dos visitantes e facilitar a interpretación das obras. A xornada culminou como unha celebración colectiva da palabra, a paisaxe e a creación, deixando unha fonda pegada entre as persoas.

tivo de enriquecer a experiencia dos visitantes e facilitar a interpretación das obras. A xornada culminou como unha celebración colectiva da palabra, a paisaxe e a creación, deixando unha fonda pegada entre as persoas.

O 10 de agosto celébrase a 25ª Feira de Artesanía



A vila de Samos prepárase para acoller unha nova edición da súa Feira de Produtos Artesanais, que o vindeiro sábado 10 de agosto celebrará o seu 25º aniversario. Organizada pola Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, esta cita anual converterá de novo o municipio nun escaparate vibrante de creacións locais, tradicións e sabores autóctonos, combinando identidade cultural e dinamización económica nunha xornada aberta a toda a comunidade.

A organización xa confirmou que o encargado de dar o pregón será Antonio Rigueiro Rodríguez, catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela e actual presidente da Asociación Forestal de Galicia. A súa elección responde á ampla traxectoria na investigación ambiental e á súa estreita vinculación afectiva coa zona, xa que Rigueiro é natural do concello veciño do Incio e mantén lazos familiares directos en Samos. Desde a asociación destacan que a súa figura simboliza “o com-

promiso coa sustentabilidade, o coñecemento do rural e o apego á nosa contorna”.

A feira contará, ademais dos tradicionais postos de venda de produtos artesanais, con demostracións en directo de oficios como a ferraría, o traballo con barro e a talla en pedra e madeira, convidando aos asistentes a descubrir o proceso e a destreza que agochan estas artes. Quen estean interesados en participar como artesáns poden inscribirse contactando coa organización.

Unha novidade destacada será a celebración da segunda edición da festa das sopas de burro canso, que nesta ocasión terá lugar o mesmo día da feira, a diferenza do ano pasado cando se realizou na xornada anterior. Esta actividade culinaria tradicional busca consolidarse como unha atracción máis dentro do evento, promovendo a gastronomía local e a participación popular.

Nas vindeiras semanas, a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos dará a coñecer o programa completo.

Samos acolheu unha xornada para poñer en valor o Camiño Francés

Samos foi escenario dunha xornada de difusión colaborativa dedicada a reflexionar sobre a importancia do Camiño de Santiago Francés como Patrimonio Mundial da UNESCO.

A cita, impulsada pola Asociación de Municipios do Camiño de Santiago (AMCS), tivo lugar na Antiga Biblioteca de Samos e enmárcase no proxecto “Volver ao Camiño”, financiado polo Ministerio de Cultura, e busca explorar as múltiples facetas do Camiño Francés, recoñecido pola UNESCO no ano 1993.

A xornada tivo como obxectivo principal xerar un espazo de diálogo aberto no que compartir ideas, opinións e propostas sobre como preservar e promover este legado de carácter universal que deixou unha fonda pegada cultural e de identidade no territorio.

O programa abriuse cunha benvida a cargo da alcaldesa de Samos, María Xesús López López, e logo presentouse o proxecto da man de representantes da AMCS, como Maximiliano Barrios Felipe e Pilar González Santoyo. Ademais, a

historiadora da arte e museóloga Carolina Casal Chico ofreceu unha conferencia titulada ‘De Samanos a Samos, sempre no e polo Camiño’, na que afondou na relación entre o municipio e o Camiño ao longo da historia.

A xornada rematou con mesas colaborativas coordinadas pola Secretaría Técnica da AMCS.

A iniciativa contou coa colaboración do Concello de Samos e pretende reforzar o vínculo entre o patrimonio local e o Camiño como vía de encontro cultural.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200

ANOS



láncara

O Goberno aproba un novo plan económico para reaxustar as contas



O pleno do Concello de Láncara deu luz verde a un novo plan económico-financeiro co obxectivo de equilibrar as contas municipais. A proposta, que contou co apoio da maioría da corporación, basearase no uso do remanente de tesourería dispoñible, logo de que o consistorio non acadase os obxectivos de estabilidade orzamentaria fixados. Desde o goberno local explican que a situación non responde a unha mala xestión, senón á falta de ingreso efectivo dalgunhas subvencións xa concedidas. Durante a mesma sesión plenaria aprobáronse dúas mocións adicionais. Unha delas afecta á reorganización do posto de tractorista, que verá ampliadas as súas funcións para optimizar os recursos humanos dispoñibles. A outra acordou transferir o rexistro de parellas de feito do ámbito municipal á administración autonómica, seguindo o modelo doutros concellos.

Ademais, o alcalde de Láncara solicitou unha reunión co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, co fin de abordar a problemática do servizo de autobuses entre Monforte e Lugo, con parada na Pobra de San Xiao.

NOVO SERVIZO DE LIMPEZA. O Concello de Láncara puxo en marcha esta semana o novo servizo municipal de limpeza viaria, que será desenvolvido por unha nova empresa concesionaria. O obxectivo é dar un salto de calidade no mantemento da vila, modernizando medios e optimizando a recollida de residuos e o coidado dos espazos públicos. A empresa irá adaptando progresivamente as rutas, horarios e métodos de traballo para adecuarse ás necesidades reais do municipio. O inicio do servizo veu acompañado de nova maquinaria, que xa se puido ver en distintos puntos da localidade.

o incio

Novas confirmacións no Tremeterra Fest e no Terra Brava

O Festival Terra Brava contará coa participación de Mekánika Rolling Band, unha das charangas máis tolas e festeiras de Galicia. A cita será o sábado 16 de agosto na parroquia de Cruz do Incio, onde a música, o humor e o espírito máis enxebre se darán a man nunha das festas máis queridas da comarca. Co seu habitual entusiasmo, a organización anunciou nas redes sociais que "vai ser a encargada de prender a mecha da troula... e xa sabedes o que pasa despois!", anticipando unha noite de festa desenfreada.



TREMETERRA FEST. Anuncian catro incorporacións ao cartel: Lion's Den Soundsystem, unha das referencias máis recoñecidas da escena dub internacional; High Nebra, artista galego que xa deixara

pegada na edición pasada co seu potente directo, Piya Zawa e Tom Spirals. A cita será os días 28 e 29 de agosto no encoro de Vilasouto, un lugar que cada ano se enche de música, natureza e bo ambiente.

O cultivo de oliveiras centrou unha charla promovida por As Cavarcas

A Asociación Cultural As Cavarcas organizou unha charla sobre o cultivo de oliveiras nos concellos da Pobra do Brollón, o Incio e Bóveda. A iniciativa naceu como resposta ao crecente interese veciñal por este tipo de plantacións nos últimos anos e tivo como obxectivo ofrecer información útil a todas aquelas persoas interesadas en iniciarse ou mellorar nesta actividade agraria. A sesión contou coa intervención de Rubén Gutiérrez, técnico agrario con ampla experiencia no sector da olivicultura en Galicia. Instalado en Quiroga desde hai nove anos, Gutiérrez



falou sobre as condicións idóneas para o cultivo da oliveira, as necesidades da planta e as posibilidades produtivas e comerciais desta aposta agrícola. Desde As Cavarcas destacou a

importancia da produción agraria como ferramenta fundamental para o sostemento do rural, a fixación de poboación e a loita contra a crise demográfica que afecta o interior de Galicia.



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabellimpiezas@gmail.com

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

Particular vende BMW F850GS Rallye



Interesados: 661 464 323

- Só 4200km.
- Entrégase con pantalla Givi e a pantalla orixinal
- Equipada con baúl Givi de 52 litros, con espazo para 2 Cascos
- Paquete Confort
- Paquete Dinámico
- Paquete Activo

13.000€

DEPORTES

Ana López: “A miña meta é participar nos Xogos Olímpicos”

Jessica Fernández

Ana López Gallego, de 22 anos, volveu demostrar a súa destreza e constancia no mundo do tiro deportivo. Representando ao club de tiro San Juan de Sarria, alzouse coa medalla de ouro na Copa de España de pistola de aire comprimido a dez metros, na categoría dama. Este novo triunfo consolida unha traxectoria marcada pola disciplina, a paixón e o esforzo desde unha idade temperá.

“Estou moi contenta, porque levei adestrando sen parar case un ano, non tiven descanso en toda a tempada”, comenta Ana cunha mestura de alivio e orgullo. “Agora, moi contenta por descansar, acabei a tempada e xa con gañas de volver a empezar en setembro”.

A súa historia co tiro comezou aos oito anos, influenciada directamente polo seu contorno familiar. “Formeime grazas ao meu pai, que é o presidente do Tiro San Juan. Un día fun con el e gustoume. Foi quen me apoiou desde o principio, adestrou comigo, viu que se me daba ben e comezou a levarme con el. Débolle todo a el”.

O talento de Ana non tardou en florecer. Aos nove anos gañou o seu primeiro Campionato de España, e continuou acadando títulos ata os trece. Non obstante, o camiño non sempre foi lineal. “Despois tiven un parón de dous anos. Foi unha etapa complicada. Logo retomeino e colléronme na Selección Espa-



ñola”. Desde entón, representou a España en dous Campionatos de Europa, un Mundial e dúas Copas do Mundo. No seu último Campionato de Europa, o equipo feminino, composto por tiradoras de distintos puntos do país, rozou o podio: “Quedamos cuartas, éramos tres rapazas no equipo, unha de Asturias, outra de Valencia e eu”.

Máis aló da medalla, Ana reflexiona sobre a esixencia psicolóxica deste deporte: “A competición é moi dura porque hai moita presión da xente que te rodea, da federación, do equipo... durante moito tempo seguido”. A pesar de todo, atopa no tiro unha disciplina única: “É un deporte interxeracional. Aporta moita disciplina. Estás ti contigo mesma, non compites contra ninguén, só contra ti. Mentalmente esíxeste moito e hai que ter a cabeza ben posta”. O club de tiro San Juan, onde

comezou a súa historia, conta con arredor de 250 socios, moitos deles procedentes da comarca de Sarria, de Lugo e incluso de Ponferrada. Alí forxáronse tamén outros campións, como Javier Díaz, gañador dun campionato nacional. Ana destaca o carácter seguro e técnico desta práctica: “Coas medidas de seguridade adecuadas, nunca tivemos ningún problema. Hai persoas que nunca tocaron unha pistola antes de vir ao club, pero ensinámolles e é un deporte seguro”.

Actualmente, Ana compaxina a súa carreira deportiva coa súa formación profesional. Fixo un ciclo en nutrición deportiva e soña con abrir o seu propio ximnasio en Sarria. “Son unha deportista de alto nivel, pero non me podo permitir vivir diso. Por iso, gustárame montar un ximnasio en Sarria e seguir no club adestrando e competindo”.

A ximnasia rítmica está de moda en Sarria



Sarria acolleu a 2ª Fase do Campionato Provincial de Ximnasia promovido pola Asociación Deportiva Aixa de Ximnasia Rítmica, na que se deron cita máis de 600 ximnastas da provincia.

Un total de 12 conxuntos e dous equipos da vila acadaron o pase ao Campionato Galego e houbo catro entregas de trofeos, xa que “nas instalacións non cabía todo o público que había, demostrando que a ximnasia rítmica non é un deporte minoritario”.

Esta fase foi decisiva para determinar os equipos que conseguirían o pase ao Campionato Galego. Entre os equipos participantes, destacaron os resultados do Club Xirandela, que levaron ao club a participar no Campionato Galego Escolar celebrado no pavillón da Malata en Ferrol. Alí, as xirandelas volveron destacar, conseguindo que dous equipos, os conxuntos Prebenxamín e Senior, se proclamaran campións galegos e outros tres subiran ao terceiro chanzo do podio, concretamente os equipos de Iniciación, Alevín M e Cadete, mentres que os conxuntos

Benxamín e Alevín P obtiveron tamén resultados moi meritorios.

TORNEO VILA DE SARRIA. O XXIV Torneo Vila de Sarria de Ximnasia Rítmica reuniu a preto de 400 ximnastas procedentes de distintos clubs de Galicia e León, nunha xornada na que a paixón pola rítmica encheu as gradas de público e entusiasmo dende a primeira ata a última exhibición.

Así, participaron o Colexio Asunción (Sarria), Colexio La Merced (Sarria), o Club Xirandela, o Club Gravity de Lugo, o Club Rítmica Kendra de Monforte, o CDR As Pontes, o Club Ximnasia Viveiro, a Escola Municipal de Xove, o Club Violeta de Baamonde, o Club Ximnasia Becerreá e o Club Rítmica Laciana de Villablino e a Escola de Ximnasia Porta Norte de Ribadeo.

Desde o Club Xirandela celebraron o éxito dunha xornada que discorreu cun ambiente cheo de emoción e compañeirismo, polo que agradeceron a colaboración de todas as persoas que fixeron posible o evento, dende patrocinadores ata nais, pais, adestradoras e participantes.

¡OFERTA!
Sofá Chaise-longue de 3 metros. Con dos relax eléctricos y arcón.
¡TELAS A ELEGIR!
1.495€
Ven a Visitarnos, Te esperamos!

GALEGA
www.galegadormobles.com

Muebles SINDIN
VENTA DE MUEBLES EN GENERAL
PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676
mueblesindin@gmail.com / www.mueblesindin.com

PORTOMARIN
SARRIA

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

A SD Sarriana organiza unha nova edición do DeporCampus



Un ano máis, a SD Sarriana organiza o DeporCampus Cabreiroá, un evento deportivo que se celebrará do 23 ao 27 de xuño, ambos incluídos, en horario de 10:00 a 14:00 horas. Este campus está dirixido a nenos e nenas de entre 6 e 14 anos, e ten como obxectivo ofrecer unha experiencia única no mundo do fútbol, promovendo a diversión e o aprendizaxe nun entorno deportivo de calidade. A inscrición inclúe unha serie de beneficios para todos os participantes. Ademais do seguro deportivo e da merenda de media mañá, cada neno recibirá unha equipación completa, diploma de participación, auga durante as actividades e acceso a adestradores do RC Deportivo. Tamén haberá sorteos e outros agasallos. O Campus ten como principais obxectivos o desenvolvemento de diversas habilidades deportivas e o fomento dos valores fundamentais do fútbol. Durante esta semana, os participan-

tes aprenderán e desenvolverán a coordinación a través de xiros coordinativos, mellorarán as súas habilidades na relación co corpo e co balón, e traballarán os fundamentos técnico-tácticos mediante unha metodoloxía analítica. Ademais, fomentaranse a competición e o desfrute a través de partidos en diferentes espazos, creando un ambiente dinámico e de aprendizaxe constante. Neste proceso, transmitirase os valores que representa o RC Deportivo, tales como respecto, solidariedade, amizade, xogo limpo, integración, esforzo e felicidade. Para lograr estes obxectivos, utilizaranse diversos contextos de ensino, como circuitos coordinativos, xogos de relación co balón, habilidade co balón, desafíos técnicos, xogos de posición e partidos reducidos. Os participantes tamén poderán desfrutar de competicións internas e ligas dentro do campus, asegurando unha experiencia completa.

“Chegar ao nivel de Álex Camba sería un soño e unha meta persoal”

Jessica Fernández
Como foron as sensacións durante o Campionato de Europa de taekwondo?

As sensacións foron boísimas desde que entrei no tapiz e en todo o campionato. Nunca esqueceré esta oportunidade, que quedará marcada en min. A nivel competitivo, para min a mellor competición e espero volvela a repetir.

Como se avalía a si mesmo?

A verdade é que bastante ben, tiven días mellores, pero vinme ben, todo o adestramento previo foi moi importante e deu os seus froitos, vinme ben de ritmo, con patadas altas e forza. Con respecto ao trío, fixémoslo moi ben, incluso considero que fomos superiores aos outros equipos, polo que súper ben. Xunto con Aitor, do Club Neka de Monforte, e con Hugo Arnoso, conseguimos a medalla de ouro europea, algo que para min é un gran éxito.

Houbo moito nivel?

Houbo moito nivel, é un campionato europeo e o taekwondo está en constante evolución. Dun campionato a outro a categoría sobe de nivel, e incluso moitos deportistas van a Corea a adestrar para mellorar. Concretamente, o noso adestrador Álex Losada estivo un tempo en Corea para mellorar, polo que o nivel vai crescendo de ano en ano, vai evolucionando tanto a técnica e a forza, entón vai crescendo a calidade do deporte e dos campionatos.

Parte do éxito é da AC Taekwondo Sarria?

Si, porque vale moitísimo todo o que aprendemos na academia de taekwondo e Alex é un tipo cu-



rrante que te quere levar ao máis alto, sempre se preocupa moito de nós, non só deportivamente, senón tamén persoalmente; se tes algún problema sempre intenta axudar, non podería ser mellor. Eu cando estou preocupado, el dáme consellos desde a súa experiencia e axúdame a xestionar os nervios e os cambios de humor para estar seguro de min mesmo e tamén aprendo a xestionar as emocións.

Poderíamos dicir que Álex é un referente?

Si, para min chegar ao nivel de Alex sería un soño e unha meta persoal. Ademais, campionatos como estes poucas veces se repiten, polo que se pode volver participar e incluso gañalo sería unha pasada, porque xa chegar alí é complicado, pero agardo poder volver competir nun campionato dese nivel.

Con só 15 anos xa conseguiu moito, cal é a súa proxección deportiva de cara ao futuro?

Penso en ir a Corea dentro duns anos porque é toda unha expe-

riencia que todo taekwondista ten que vivir, porque aprendes a nivel competitivo e comprendes os seus costumes, aínda que os máis importantes, a disciplina e o respecto xa os levamos da escola, onde aprendemos tamén a gañar forza e mellorar a condición física; pero tamén facemos moito exercicio e mental para xestionar as emocións que me serven nas miñas relacións persoais na casa e coas amizades, intentando manter o respecto e aplicar a empatía en cada situación. Con respecto ao futuro, por desgraza, non se pode vivir deste deporte, aínda que quero seguir mellorando e profesionalizándome, como o adestrador, e como profesión gustárame ser profesor de Educación Física na ESO porque é unha etapa moi bonita e se tes un bo profesor déixache marcado de por vida. É unha época tamén difícil e gustárame axudar aos nenos, non só fisicamente senón tamén psicolxicamente.

Xa está aberta a inscrición para o Torneo de Fútbol Sala San Xoán

Xa hai cartel oficial do XXXV Torneo de Fútbol Sala San Xoán, que se celebrará os días 20, 21 e 22 de xuño no pavillón do Chanto.

O evento xa ten aberto o prazo de inscrición, ata o 17 de xuño, para os equipos interesados en participar. O prezo para anotarse é de 150 puntos e o número máximo de equipos que poden inscribirse é de 24.

Os premios para os equipos máis destacados serán: o primeiro posto terá un premio de 1500 puntos máis un trofeo, mentres que o subcampión recibirá 700 puntos e un trofeo.



Os terceiros e cuartos postos levarán un premio de 250 puntos e trofeo cada un. Este ano tamén se entregará un premio ao mellor equipo do Concello,

consistente en 200 puntos. Ademais dos galardóns por clasificación, tamén se premiarán ao mellor porteiro e ao mellor xogador.

maderasgrandas

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

“A nosa intención é facer equipos femininos nos equipos da base”

Violeta Díaz, presidenta do Club Meigallos FS, pon en valor os éxitos acadados durante esta tempada e lembra que esta entidade é un lugar "que acolle"

Jessica Fernández

O Club Meigallos FS de Sarria cumpre dúas décadas de vida este ano 2025 e, lonxe de conformarse co pasado, mira con forza cara ao futuro. Violeta Díaz, presidenta da entidade, fai balance dunha tempada intensa, chea de retos, logros e moita ilusión.

“Estamos moi contentos coa tempada, tanto polos resultados como pola implicación das familias e xogadores. Temos máis de 200 fichas en fútbol sala, que xa é un mérito enorme para un deporte que compite co fútbol campo, que sempre tira máis”, explica Díaz con orgullo.

O club está presente en todas as categorías de base, con equipos mixtos dende biberóns ata xuvenís, que por idades son: Biberón (2019-2020-2021), Prebenxamín (2017-2018), Benxamín (2015-2016), Alevín (2013-2014), Infantil (2011-2012), Cadete (2009-2010) e Xuvenil (2007-2008). Ademais, Os Meigallos FS conta con equipos sénior tanto masculino, no que hai dous, como un feminino.

“O feminino xa o tiñamos antes da pandemia, pero desapareceu por mor desta situación. Por iso, no ano 2024 decidimos volver crealo e promovelos, e agora temos 16 fichas no equipo sénior feminino. A nosa intención é conseguir que nenas máis pequenas se ani-

men a formar parte do fútbol sala sarriao e así poder formar equipos nas categorías femininas da base tamén”, comenta Violeta.

OS LOGROS. Tal e como explica a presidenta, un dos grandes logros desta tempada foi o ascenso do Infantil A á Liga Galega, un fito que foi especialmente celebrado por todo o club debido á súa importancia. “O ano pasado quedamos ás portas, perdemos no último minuto, e este ano por fin se conseguiu. Os do Infantil A ga-

se merecía”, lembra emocionada. Pola súa parte, tamén quixo destacar ao equipo sénior masculino, que competiu por un ascenso importante, á Terceira División, que se disputou contra o Lugo Sala B; pero que non se conseguiu. Porén, desde a entidade valoran moito o traballo do equipo durante toda a tempada, xa que “temos un equipo moi novo, de 19 a 20 anos, con moito potencial; e sobre todo o esforzo deportivo que se fixo para chegar á final. “O ano que vén estamos seguros de que



promovemos que todos se leven ben. No noso club admitimos a todos os nenos, incluso cando marchan e volven ao ano seguinte.

vilas. E cos biberóns sempre intentamos facer algún partidillo a final de tempada, con medallas para todos”, engade. Ademais, tamén fala do VIII Campus de Fútbol Sala Os Meigallos FS, que se celebrará do 6 ao 12 de xullo en Sarria.

Tras ese campamento, teñen pouco tempo de descanso, xa que en agosto “xa volvemos aos adestramentos. Antes do 27 de xullo temos que inscribir os equipos, así que avisamos ás familias que non esperen a setembro. Ademais, a finais de maio faremos xornadas de portas abertas para que os nenos e nenas que queiran probar, poidan facelo ata xuño”, comenta.

Sobre a posibilidade de celebrar os 20 anos do club, Violeta recoñece que lles gustaría facer algo especial, pero a carga de traballo é elevada. “Queremos facer un evento, pero somos poucos e estamos a tope coa competición. Entre o ascenso dos infantís e a fase dos sénior, estamos sen tempo. A ver se conseguimos celebralo dalgún xeito máis adiante”, conclúe.

Vinte anos despois da súa fundación, o Club Meigallos FS continúa a medrar, con paixón, esforzo e un proxecto deportivo que aposta polas persoas e polos valores. Un exemplo de que o deporte, máis alá dos resultados, é tamén un camiño para educar e construír comunidade.



ñaron 3-2 e foi un partido cheo de nervios, pero os rapaces estaban felices. Para celebralo, fomos cear todos xuntos e festexámolo como

o imos conseguir”, sostivo Violeta. A implicación de xogadores e familias é un dos piares do Club Meigallos. “Somos cinco pais na directiva e o club é coma unha gran familia. Os maiores adestran aos pequenos e os pequenos incluso van velos xogar. Isto crea unha unión moi bonita e un sentido de pertenza que nos diferencia”, subliña a presidenta.

VALORES E ACTIVIDADES. O club aposta firmemente polos valores no deporte. “O compañeirismo é o máis importante. Aquí xogamos todos: os bos, os que están empezando, os nenos e as nenas; e

te. Por outro lado, a educación e o respecto tamén son fundamentais. O meu fillo, con 16 anos, xa é adestrador e ensínalles que deben ter respecto pola persoa que está á fronte, así como que non se pode protestar ao árbitro. Tamén aprenden a gañar e, sobre todo, saber perder”, explica. Con respecto ás actividades, de cara ao verán, os Meigallos xa teñen a maquinaria en marcha. Así, o club está a organizar o seu tradicional Torneo de San Xoán, que terá lugar o fin de semana anterior á festividade. “É un torneo base, dende prebenxamín ata xuvenil, con equipos doutras



CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)

ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)

- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL PRIMARIA ESO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

STIHL

MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA
PARA LOS MÁS EXIGENTES

GRATIS BATERÍA ADICIONAL
EN MODELOS SELECTADOS

489€

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

O Castro de Formigueiros de Samos

A estrutura defensiva deste castro da Serra do Édramo é unha das máis destacadas entre os castros galegos

No corazón da Serra do Édramo, a máis de 800 metros de altitude e no extremo sur da parroquia de Santiago de Formigueiros, no Concello de Samos, álzase un dos enclaves arqueolóxicos máis monumentais da Galicia castrexa. O Castro de Formigueiros, situado nunha lomba que domina visualmente as comarcas veciñas, non só destaca pola súa posición estratéxica, senón tamén pola súa complexidade estrutural e a riqueza dos achados que foron saíndo á luz nas últimas décadas. A súa localización serve ademais como punto de transición entre as parroquias de Formigueiros e as veciñas Santa María de Mao e Reboiro, estas xa pertencentes ao Concello do Incio. Ademais, cabe destacar que, na Serra do Édramo, atópanse tamén unhas mámoas e a necrópole de Santa Mariña do Incio. Trátase dun asentamento da Idade de Ferro cuxa historia se estende ao longo de varios séculos, con fases de ocupación e abandono que reflicten as convulsións históricas da Galicia prerromana e romana. A pesar de que hai indicios dunha ocupación prolongada ata as primeiras invasións xermánicas, diversas hipóteses arqueolóxicas suxiren que o castro puido ter estado deshabitado durante dous ou tres séculos antes de volver a ser ocupado, probablemente pouco antes ou durante os primeiros anos do Imperio Romano. A tradición historiográfica recolle que foi abandonado no século I d.C., durante o goberno do emperador Tiberio, mais, como aconteceu noutros moitos castros galegos,

tras a caída do Imperio Romano sería reutilizado brevemente ata o inicio das invasións xermánicas. A súa estrutura defensiva é unha das máis destacadas entre os castros galegos coñecidos. Nun terreo que non é inexpugnable por natureza, os habitantes daquel tempo levantaron un complexo sistema de defensa composto por catro liñas de murallas acompañadas dos seus correspondentes fosos e parapetos. Estas construcións, que envolven todo o perímetro do asentamento, evidencian un alto grao de organización e un coñecemento técnico notable na arte da fortificación, feito que reforza a idea de que Formigueiros xogou un papel relevante no seu contexto territorial. O castro foi obxecto de diversas campañas arqueolóxicas, a máis recente das cales tivo lugar entre os anos 2006 e 2008. Durante estas escavacións, foron descubertas varias vivendas, reconstruíronse partes das murallas e saíron á luz numerosos restos materiais que achegan información valiosa sobre os modos de vida da comunidade que alí habitaba. Un dos achados máis salientables foron catro lousas de lousa nas que se poden observar gravados de gran interese simbólico e artístico: cabalos, peixes —probablemente salmóns— e figuras xeométricas que evocan labirintos. A interpretación destes motivos suxire un posible uso relixioso ou cerimonial, aínda que os investigadores non descartan outras funcións simbólicas. Estes gravados, pese a que nun primeiro momento foron sinaliza-

dos alí, foron trasladados co paso dos anos ao Museo do Castro de Viladonga, onde foron depositados oficialmente no ano 2021. Esta decisión permitiu garantir a súa conservación e facilitar o seu estudo en condicións óptimas, evitando o risco de deterioración ou desaparición que ameaza a moitos elementos patrimoniais ao aire libre. Na actualidade, o Castro de Formigueiros presenta un aspecto coidado. As murallas atópanse limpas e visibles, os restos de vivendas poden ser recoñecidos no terreo e o conxunto ofrece unha imaxe que permite ao visitante imaxinar, aínda que sexa parcialmente, como foi a vida nun dos poboados castrexos máis impresionantes da Galicia interior. Aínda queda moito por descubrir neste enclave, que segue a ser obxecto de estudo e que continúa abrindo xanelas ao pasado da nosa terra.



Imaxes de Galicia Máxica





Pili Madeira

FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988

✉ floristeria@servimadeira.es

🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias

Tanatorios

Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo

Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es